

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**DEPARTAMENTO: DEBUXO**

**CURSO 2021-2022**

# 1-INTRODUCCIÓN:

## 1.1-COMPOSICIÓN DEPARTAMENTO

Xefe de departamento:SUSANA RODRÍGUEZ ALEMPARTE

Nome membros departamento	Cursos que imparte
SUSANA RODRÍGUEZ ALEMPARTE	1º PLÁSTICA 3º PLÁSTICA 4º PLÁSTICA

A reunión de Departamento será os LUNS no horario: 11:00 A 11:50

A hora de Titoría de Nais e Pais será os MARTES de 11:00 A 11:50

## 1.2-DISTRIBUCIÓN ALUMNADO:

Curso	Grupo	Nº Alumnado	Alumnos con necesidades específicas
1º	A	19	1 TDHA, 3 posible necesidad reforzo por dificultades
1º	B	18	1 síndrome KGB, 1 Dixlexia, 1 dificultades.
3º	B	27	1 repetidor TDHA con necesidad de reforzo. 1 con ACI en todo. 2 con posible necesidad reforzo.
4º	A	13	1 TDHA, 1TEA con TDHA, 1 dificultades, 3 posible reforzo.

## 2-OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA PARA A ÁREA DA EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL

Na Educación Primaria a materia de Educación Plástica non ten un especialista que a imparta, a diferenza de outras materia coma a Musica, o Inglés, ou a Educación Física: é o titor o encargado de impartila, o que ocasiona moitas veces que a formación nesta materia durante a Primaria sexa totalmente arbitraria e irregular, dependendo dos intereses e capacidades do profesorado, sucedendo en ocasións que os alumnos ao chegar á Etapa da ESO non teñen adquiridas a destrezas mais básicas para afrontar con éxito o aprendizaxe nesta materia na nova etapa.

A Educación Plástica, Visual e Audiovisual debe desempeñar un papel moi importante nos alumnos do ensino secundario, tendo en conta que o primordial é mais o proceso creativo en si que o produto final. O feito artístico ten unha linguaxe que serve

para formular os nosos sentimentos e emocións, así como unha forma de comprender e repensar o mundo e a sociedade na que vivimos; é un medio de elevar a nosa sensibilidade cara ás experiencias. Vivimos nun momento histórico de diversidade e complexidade visual e faise necesario o coñecemento da linguaxe visual e audiovisual co fin de observar, analizar e reflexionar criticamente sobre a realidade que nos rodea.

Os alumnos que chegan á ESO son mais conscientes das súas propias creacións artísticas e a súa expresión xa non é espontánea e libre de inhibicións, teñen desenvolvido unha consciencia crítica que non se limita ós produtos da arte, senón tamén á súa propia identidade e limitacións.

Unha das tarefas importantes da Educación Plástica, Visual e Audiovisual durante o principio da etapa é proporcionar os medios para que os alumnos e alumnas poidan continuar empregando a linguaxe visual conservando a confianza nos seus propios medios de expresión.

Os obxectivos da área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual serían:

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.

2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar a como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.

3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.

4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.

5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.

6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.

7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación mais axeitadas.

8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.

10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.

11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

### **3 - CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual vanse traballar todas as competencias, facendo fincapé naqueles descritores máis afíns a esta área.

#### *1.-Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

Esta área presenta unha oportunidade para empregar a linguaxe simbólica, así coma a profundización nos aspectos espaciais da realidade e a súa representación gráfica. Tamén vanse traballar procedementos relacionados co método científico, coma a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e o análise.

Os descritores que traballaremos principalmente son:

Interactuar co entorno natural dun xeito respectuoso.

Tomar consciencia dos cambios producidos polo home no seu contorno natural e as súas repercusións na vida futura.

Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao cuidado saudable

Aplicar métodos científicos para mellorar a comprensión da realidade circundante nos ámbitos biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico, etc.

Coñecer e empregar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.

Organiza a información empregando procedementos matemáticos.

## *2.-Comunicación Lingüística*

Esta área vai contribuir a adquisición deste competencia na medida que favorece a comprensión oral e escrita ao promover o coñecemento dun vocabulario específico referido á expresión artística e ademais porla exploración de diferentes canais de comunicación.

Asemade, sendo a materia plurilingüe nos cursos de 1º e 3º da ESO, a área vai contribuir moi directamente a adquisición desta competencia na lingua inglesa, olo traballo realizado nas competencias de expresión oral, comprensión oral, e comprensión escrita.

Os descritores que se van empregar son:

Comprender o sentido dos textos escritos e orais

Expresar oralmente e con corrección, adecuación e coherencia.

Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: turno de palabra e escoita atenta ao interlocutor.

Manexar elementos da comunicación non verbal, ou diferentes rexistros comunicativos.

## *3.- Competencia dixital*

Dentro desta área aparecen contidos que fan referencia ao contorno audiovisual e multimedia, dando unha especial importancia ao emprego de ferramentas tecnolóxicas para a creación de producións audiovisuais.

Os descritores que teremos en conta nesta competencia serán os seguintes:

Empregar diferentes fontes para a búsqueda de información e seleccionalas segundo a súa fiabilidade

Elaborar información propia derivada da obtida a través de medios tecnolóxicos.

Comprender as mensaxes elaboradas con códigos diversos

Empregar distintos canais de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas

Manexar ferramentas dixitais para a creación de coñecemento

Aplicar criterios éticos no emprego das tecnoloxías.

## *4.- Conciencia e expresións culturais*

Esta área contribue especialmente a adquirir a competencia artística e cultural, pois poñe o énfase na ampliación do coñecemento sobre os diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e recursos que lle son propios. O alumnado

aprende a ver, observar, e perceber e, dende o coñecemento da linguaxe visual, aprende a apreciar as valores estéticas e culturais das produccions artísticas.

Por outra banda, estase a contribuir ao desenvolvemento desta competencia cando o alumnado experimenta e investiga coa diversidade de técnicas plásticas e visuais e é capaz de expresarse a traveso da imaxe.

Os descritores que se van traballar nesta competencia serán os seguintes:

Expresar sentimentos e emocións dende diferentes códigos artísticos.

Apreciar a beleza das diferentes expresións artísticas e as manifestacións da creatividade e o gusto pola estética no ambiente cotiá.

Elaborar Traballos e presentacións cun senso estético.

### *5.-Competencias sociais e cívicas*

Esta área e unha boa ferramenta para potenciar esta competencia, na medida que as produccions artísticas pódense plantexar coma un traballo de equipo, sendo unha oportunidade para fomentar a cooperación, o respecto, a tolerancia, etc. Por outra banda, o fomento da creatividade na aula leva a valorar enfoques e plantexamentos moi diversos.

Os descritores que teremos en conta serán:

Aplicar os dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.

Mostrar a dispoñibilidade para a participación activa nos ámbitos establecidos.

Recoñecer a riqueza da diversidade de opinións e ideas.

Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.

### *6.- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor*

Esta área colabora en grande medida na adquisición desta competencia, xa que en todo o proceso de creación hai que converter unha idea nun produto, e para iso hai que desenvolver estratexias de planificación, previsión de recursos, anticipación e avaliación de resultados. Este proceso sitúa ao alumnado ante unha situación que lle obriga a tomar decisións dun xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor.

Os descritores que se traballarán serán os seguintes:

Optimizar recursos personais apoiándose nas fortalezas propias.

Ser constante no traballo, superando as dificultades.

Xestionar o traballo do grupo, coordinando as tarefas e os tempos.

Priorizar a consecución dos obxectivos grupais aos intereses pessoais.

Mostrar iniciativa personal para comezar e promover novas accións.

Xerar posibilidade novas e diverxentes dende os coñecementos previos dun tema.

Configura unha visión do futuro realista e ambiciosa.

Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.

Optimizar o emprego de recursos materiais e pessoais para a consecución dos obxectivos.

Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

### *7.- Aprender a aprender*

Esta materia vai contribuir a esta competencia na medida que favoreza a reflexión sobre os procesos e a propia experimentación creativa, xa que esta implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así coma a aceptación dos propios erros coma un instrumento de mellora.

Traballaranse os seguintes descritores:

Xestionar os recursos e as motivacións pessoais en favor da aprendizaxe.

Xerar estratexias para aprender nas distintas contornas de aprendizaxe.

Planificar os recursos necesarios e os pasos que se teñen que realizar no proceso de aprendizaxe.

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución dos obxectivos da aprendizaxe.

# **4- PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL DE 1º ESO.**

## **4.1- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA EN 1º ESO**

- Identificar os elementos configuradores da imaxe.
- Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.
- Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.
- Experimentar coas cores primarias e secundarias.
- Transcribir texturas táctiles a texturas viaais mediante as técnicas de frottage, utilizándo- as en composicións abstractas ou figurativas.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.
- Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.
- Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.
- Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.
- Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.
- Recoñecer as funcións da comunicación.
- Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.
- Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.
- Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.
- Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.
- Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.
- Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.




- Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.
- Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
- Estudar as aplicacións do teorema de Thales.
- Coñecer lugares xeométricos e definilos.
- Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).
- Analizar as propiedades de puntos e rectas característicos dun triángulo.
- Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplicarlas con propiedade á construción destes.
- Coñecer os tipos de cuadriláteros.
- Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.

## **4.2- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, PERFÍS COMPETENCIAIS, COMPETENCIAS RELACIONADAS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.**

### **PERFIL COMPETENCIAL**

O perfil competencial é unha maneira de visualizar o peso de cada competencia básica dentro da materia. As porcentaxes calcúlanse a partir do número de veces que aparece cada competencia no currículo. Na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, non hai unha competencia básica específica da materia senón que todas elas forman parte da súa ensinanza e aprendizaxe, e por eso teñen pesos específicos similares. A máis destacada é a competencia sobre a conciencia e as expresións culturais.



### **CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, GRAO DE CONSECUCCIÓN, ACTIVIDADES, E TEMPORALIZACIÓN**

*De acordo coa orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta que a materia de Educación plástica, visual e audiovisual de 1º da ESO ten 2 horas semanais, dispoñemos de 72 sesións totais no curso. A este número imos descontarlle 10 sesións, que se perderán debido a actividades do centro, folgas e outros imprevistos, co que finalmente imos planificar os contidos para 62 sesións efectivas.*

Este curso o departamento continúa a participación no proxecto Edixgal nos grupos de 1º ESO, pois contribúe a superar as dificultades chegado o caso de ter que confinarse. Ademais, este curso participa no proxecto plurilingüe.

Os contidos que se traballarán se dividen en tres bloques, por orden de aparición:

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
Bloque 1. Expresión plástica								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.</li> <li>▪ B1.2. Aprecio do uso que os/as artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo ás propias composicións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Identificar os elementos configuradores da imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica os elementos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXAMEN		1 S	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.</li> <li>▪ B1.4. Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.</li> <li>▪ B1.5. Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Analiza os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende concepto de ritmo e experimenta con el</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	EXAMEN LÁMINA ARTÍSTICA		2 S	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.2. Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Experimenta co punto e a liña</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	LÁMINA ARTÍSTICA LÁMINA 23		3 S	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.3. Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Emprega o lapis de grafito e experimenta o valor expresivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	LÁMINA ARTÍSTICA LÁMINA 5, 6		2 S	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liña, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica as emocións que transmiten as diferentes cores</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	LAMINA 17		2 S	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
B1.7. Composición: elementos. ▪ B1.8. O ritmo na composición.	▪ B1.4. Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.	▪ EPVAB1.4.1. Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.	▪ Comprende o concepto de esquema compositivo, de equilibrio, de simetría	▪ CCL	EXAMEN			2 S
		▪ EPVAB1.4.2. Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito.	▪ Realiza composicións	▪ CSIEE	LÁMINA ARTÍSTICA			3 S
		▪ EPVAB1.4.3. Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.	▪ Realiza composicións modulares	▪ CCEC ▪ CSIEE	LAMINA 1, 11 LÁMINA ARTÍSTICA	1S 1S	1 S	
		▪ EPVAB1.4.4. Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.	▪ Representa obxectos do natural	▪ CCEC	LAMINA 13, 14, 21 LÁMINA ARTÍSTICA	1 S	1 S	1 S
B1.9. A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva. ▪ B1.10. Círculo cromático. Cores complementarias. ▪ B1.11. Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.	▪ B1.5. Experimentar coas cores primarias e secundarias.  ▪ B1.6. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	▪ EPVAB1.5.1. Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e substractiva e as cores complementarias.	▪ Identifica e experimenta coas cores primarias e secundarias	▪ CSC	LAMINA 15, 16, 7,8		5 S	
		▪ EPVAB1.6.1. Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.	▪ Identifica e experimenta coas texturas	▪ CSIEE	LÁMINA 18 LÁMINA ARTÍSTICA		2 S	
B1.12. Materiais e técnicas de debu-	▪ B1.7. Coñecer e aplicar as po-	▪ EPVAB1.7.1. Utiliza con propiedade as	▪ Emprega as diferentes téc-	▪ CCL	TODOS	S	S	S

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<p>xo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.</p>	<p>sibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.</p>	<p>técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</p>	<p>nicas grafo-plásticas</p>					
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.7.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica as sombras e crea o claroscuro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<p>LÁMINA 19, 14, 10</p>		<p>3 S</p>	<p>2S</p>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.7.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Experimenta coas témperas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	<p>LÁMINA 16 LÁMINA ARTÍSTICA</p>		<p>6 S</p>	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.7.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Usa o papel en collage</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	<p>LÁMINA 18, 20</p>			<p>2 S</p>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.7.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprega o papel recortado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<p>LÁMINA 20</p>			<p>2 S</p>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.7.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	<p>LÁMINA 25</p>			<p>2 S</p>

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.7.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Trae case sempre o material a aula e deixa o seu espazo recollido</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	TODO O CURSO			
Bloque 2. Comunicación audiovisual								
B2.1. Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Recoñecer os graos de iconicidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.1.1. Diferencia imaxes figurativas de abstractas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Diferencia imaxes figurativas de abstractas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	EXAMEN			2 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.1.2. Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprende o que é o grao de iconicidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	EXAMEN			1 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.1.3. Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Creao imaxes con diferente iconicidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	LÁMINA 22			2 S
B2.2. Comunicación visual. Símbolos e iconas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.2.1. Distingue símbolos de iconas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica os símbolos e as iconas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	EXAMEN			2 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.2.2. Deseña símbolos e iconas.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	LÁMINA 26			2 S
B2.3. O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.3.1. Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Cofece e Identifica os elementos dun cómic.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	EXERCICIO GRUPO	2 S	2 S	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
B2.4. Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.4.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Comprende os elementos da comunicación visual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	EXAMEN			1/2 S
B2.5. Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Recoñecer as funcións da comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.5.1. Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece as funcións da comunicación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	EXAMEN			1/2 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.5.2. Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais e audiovisuais.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	EXAMEN			1/2 S
Bloque 3. Debuxo técnico								
B3.1. Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.1.1. Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distingue punto, Liña e plano</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	EXAMEN	1/2 S		
B3.2. Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.2.1. Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúa rectas paralelas, perpendiculares e diagonales con escuadra e cartabón.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	LÁMINA 0	1 S		
B3.3. Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.3.1. Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece as partes da circunferencia e o círculo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	LÁMINA 11 EXAMEN	2 S		
B3.4. Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.4.1. Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Construe o triángulo e hexágono na corcunferencia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	LÁMINA 1 E 10	2 S		

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
manexo do compás.								
B3.5. Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas. ▪ B3.6. Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.	▪ B3.5. Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	▪ EPVAB3.5.1. Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón.	▪ Identifica os ángulos da escuadra e cartabón	▪ CSIEE	EXAMEN LÁMINA 4	1/2 S		
B3.7. Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.	▪ B3.6. Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.	▪ EPVAB3.6.1. Suma ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.	▪ Suma e resta ángulos	▪ CMCCT	LÁMINA 3	1 S		
B3.8. Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.	▪ B3.7. Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	▪ EPVAB3.7.1. Constrúe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.	▪ Constrúe a bisectriz	▪ CCEC	LÁMINA 2	1 S		
B3.9. Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.	▪ B3.8. Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	▪ EPVAB3.8.1. Suma ou resta segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.	▪ Mide segmentos e os suma	▪ CMCCT	LÁMINA 3	1 S		
B3.10. Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.	▪ B3.9. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	▪ EPVAB3.9.1. Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	▪ Constrúe a mediatriz	▪ CMCCT	LÁMINA 2	1 S		
B3.11. Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.	▪ B3.10. Estudar as aplicacións do teorema de Thales.	▪ EPVAB3.10.1. Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.	▪ Constrúe a división dun segmento en partes iguais	▪ CCEC	LÁMINA 5	2 S		
		▪ EPVAB3.10.2. Escala un polígono aplicando o teorema de Thales.	▪	▪ CSIEE	LÁMINA 6 Y 21	2 S		



Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.11.1. Explica, verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	EXAMEN	1/2 S		
B3.13. Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.12. Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.12.1. Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Distingue e coñece as clasificación dos triángulos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	EXAMEN	1/2 S		
B3.14. Construción de triángulos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.13. Construír triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.13.1. Constrúe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe triángulos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	LÁMINA 7 EXAMEN	2 S		
B3.15. Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.14. Analizar as propiedades de puntos e rectas características dun triángulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.14.1. Determina o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece as liñas e puntos notables dos triángulos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>	EXAMEN	2 S		
B3.16. Triángulo rectángulo: características e construción dun.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.15. Coñecer as propiedades xeométricas e matemáticas dos triángulos rectángulos, e aplícalas con propiedade á construción destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.15.1. Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe triángulos rectángulos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	LÁMINA 7 EXAMEN	1 S		
B3.17. Cuadriláteros: clasificación e propiedades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.16. Coñecer os tipos de cuadriláteros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.16.1. Clasifica correctamente calquera cuadrilátero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e identifica os cuadriláteros</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	EXAMEN	1/2 S		
B3.18. Construción de cuadriláteros.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.17. Executar as construcións máis habituais de para-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.17.1. Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados con-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe o cadrado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	LÁMINA 8	2 S		

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 1º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
	lelogramos.	secutivos e unha diagonal.			EXAMEN			
B3.19. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.18. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.18.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e clasifica os polígonos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	EXAMEN	1/2 S		
B3.20. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.19. Estudar a construción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.19.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Construe o triángulo e cadrado inscrito na circunferencia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	LÁMINAS 9 E 12	3 S		

## **TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

A orde a seguir nos temas é a que se considera mais adecuada para a adquisición das destrezas básicas necesarias en cada momento, e que en principio será a que segue:

1ª Avaliación: BLOQUE 3 DEBUXO TÉCNICO (temas 5 e 6)

2ª Avaliación: BLOQUE 1 EXPRESIÓN PLÁSTICA (temas 1, e 2 )

3ª Avaliación: BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL (temas 2 e 3)

## **ORGANIZACIÓN DO ESPACIO**

A mesas quedan na mesma colocacion que o pasado curso: mirando cara adiante, en cada unha séntase un alumno, e se mantén en todo tempo a distancia de 1,20 m que establece a normativa COVID.

Na parede do pasillo atópanse os catro lavabos e a estantería onde se garda todo o material que se emprega na aula, e mesmo os libros do departamento e os traballos feitos polo alumnado.

Na parede das ventás deixanse as repisas para colocar os traballos que precisan proceso de secado, ou ben se colgan nos cables colocados a tal efecto. Nas caixas das persianas colócanse tamén traballos realizados polo alumnado durante este ou outros cursos. Nos panos macizos temos uns estantes onde se expoñen libros sobre arte e plástica, para invitar ao alumnado a que se interese por eles.

Na parede do encerado temos un encerado branco e un cañon proxector, ademais dun moble con estantes onde se garda o material que emprega a profesora para preparar e dar as clases. Tamén ao pé desa parede atópase a mesa da profesora.

A aula de Plástica foi pintada de branco durante o verán.

## **ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

O alumnado ten cinco minutos dende que soa o timbre para saír da súa aula e chegar á aula de Plástica. Non poden entrar na Aula as mochilas. Se entran con abrigos deberán colgalos no seu respaldo. Soamente entran na aula coa Carpeta de Plástica, onde teñen todo o seu material.

Debido necesaria ventilación dos espacios, se na sesión anterior houberse clase na aula de Plástica, o alumnado esperará fora da aula en fila, mantendo a distancia, ata que se de por ventilada a aula.

Unha vez todas e todos sentados, e coas súas carpetas de Plástica abertas, comeza a clase propiamente dita: A profesora pasa lista, e explica o que se vai facer ese día. Se hai algo que recoller, se recorda para que o vaian facendo ao longo da hora. Tamen se plantexan neste momento os traballos e outras actividades que teñen que facer pola súa conta na casa.

Os días que se explica a teoría dun tema novo, emprégase unha media de 20 minutos na explicación, empregando o libro dixital.

Despois da explicación, comézase a plantexar o traballo correspondente ao tema explicado. Nestas explicacións prácticas, empregárase ou ben o proxector de opacos, ou ben a pizarra branca.

Dependendo da dificultade dos traballos, é posible que sexa necesario que o alumnado vaia facendo o exercicio ao mesmo ritmo que a profesora. Sen embargo o alumnado debe finalizar os exercicios na súa casa. Cada exercicio se fai nunha lámina.

Mentras o grupo comeza a traballar, e o momento no que a profesora céntrase no traballo co alumnado con necesidades específicas, que normalmente fan unhas actividades lixeiramente diferentes ou mais fáciles ao resto, dependendo das súas necesidades e das súas capacidades.

Despois, comeza a rolda polas mesas para ir revisando o traballo que están a facer, correxir e resolver dúbidas.

Tódolos días comézase a recoller a aula cinco minutos antes de soar a campana. Cada alumno/a desinfectará a súa mesa e cadeiras co gel hidroalcohólico e os panos desbotables que haberá en cada fila de mesas. O grupo debe deixar limpas as mesas, o chan, e o material empregado nesa sesión.

Tamén deber abrir as ventanas para a ventilación.

## **4.3-CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA**

No curso de 1º ESO se intentarán traballar todos os contidos da programación, sendo os mínimos esixibles os seguintes:

### **BLOQUE 1**

- Tipos de rectas. Posición e trazado das rectas coa escuadra e cartabón.

- Circunferencia, círculo e arco, as súas partes.
- Manexo do compas e división da circunferencia en 3, 4 e 6 partes iguais.
- Concepto de ángulo e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Operacións con ángulos.
- Ángulos da escuadra e do cartabón.
- Construcción Bisectriz dun ángulo.
- Concepto de medida.
- Construcción Mediatriz dun segmento.
- Teorema de Thales e aplicacións.
- Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- Clasificación dos tipos de cuadriláteros.
- Clasificación dos polígonos en función dos seus lados.
- Construcción del triángulo equilátero, del cuadrado, del hexágono.

## **BLOQUE 2**

- Elementos configuradores da imaxe.
- Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- Concepto de composición. Equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.
- A cor. Tipos de mesturas.
- Cores primarias e secundarias. Círculo cromático.
- Texturas táctiles, visuais, naturais e artificiais.
- Técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.

## **BLOQUE 3**

- Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.
- Símbolos e iconas.
- O cómic.
- Elementos que interveñen nun acto de comunicación.

# ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS

Ao rematar o curso de 1º ESO o alumnado terá que tener adquiridos os seguintes aprendizaxes mínimos:

## *BLOQUE 1*

- Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.
- Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco, así coma as súas partes
- Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.
- Comprender o concepto de ángulo e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.
- Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medilos.
- Comprender o concepto de bisectriz e saber construíla.
- Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.
- Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra,
- Comprender as aplicacións do teorema de Thales e aplicalo en construcións.
- Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos.
- Coñecer os tipos de cuadriláteros.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Construír un triángulo equilátero.

## *BLOQUE 2*

- Identificar os elementos configuradores da imaxe.
- Experimentar coas variacións formais do punto, o plano e a liña.
- Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.
- Experimentar coas cores primarias e secundarias.
- Transcribir texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándo- as en composicións abstractas ou figurativas.

- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.

### *BLOQUE 3*

- Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significante-significado: símbolos e iconas.
- Diferenciar e identificar diferentes graos de iconicidade en elementos e obras de arte.
- Analizar e realizar cómics aplicando os recursos de adecuadamente.
- Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación.

## **4.4- METODOLOXIA**

### **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**

No Primeiro curso da E.S.O. os alumnos comezan unha nova etapa educativa, polo que un dos obxectivos da profesora é diminuír na medida do posible o cambio que para eles supón este novo curso.

Este obxectivo cada vez resulta mais difícil: vense observando, dende hai varios anos, no alumnado que chega a 1º ESO, que nas etapas anteriores non adquiriron os aprendizaxes necesarios para afrontar a materia dende o nivel de coñecementos previos adecuado. Isto supón que o alumnado tense que esforzar mais do que está afeito a facer, para adquirir o nivel que ten que ter un alumno de 1º ESO.

Ata agora, o alumnado non cursaba a Educación Plástica, Visual e Audiovisual como materia independente e propia, senón que era unha hora que se aproveitaba, as veces, para realizar actividades variadas. polo que é importante que, neste momento, qse evidencie o cambio de importancia e dinámica da materia en diferentes elementos.

Un dos elementos que evidencia o cambio de materia, é a adquisición do material propio que van a empregar durante toda a ESO. Isto vailles axudar a ter conta do seu, preocuparse polo cuidado do material, e traballar na casa cando sexa necesario. Dado que esta condición xa era obligatoria, non supón cambio ou dificultade con respecto a adaptación ao protocolo COVID

Outro elemento é a utliización do libro dixital. O uso desta tecnoloxía implica que o alumnado ten que facer mais esforzo pola sua conta á hora de adquirir os coñecementos teóricos desta etapa. Serán eles quen es teñan que revisar nos seus

ordenadores a teoría da materia e ila repasando pola súa conta, unha vez que a teoría se explique na aula. A teoría son conceptos que se traballan todos os días nas láminas prácticas, polo que aquel alumnado que presta atención ao que fai e a o que se explica no libro dixital, non vai ter problema en aprender todos os coñecementos previstos. Ademais, unha grande parte de eles son contidos que xa viron na Primaria.

En cada bloque vanse traballar os diferentes contidos empregando diferentes recursos: o libro dixital para a teoría, as follas que lles entregará a profesora e nas que van practicar diferentes construcións, e unhas láminas onde realizarán os traballos prácticos evaluables.

Esto complementábase de vez en cando con material audiovisual e fichas de teoría.

Segundo vaia transcurrido a dinámica deste curso escolar, plantearanse ou non un traballo en equipo, que probablemente non se realizará na aula.

Ao entrar na clase se saludará ao alumnado de xeito alegre, animándoos a aproveitar a sesión, e deixando un tempo de adecuación ao espacio no que estamos, para que desconecten de onde veñen e se concentren no que se vai facer. Despois, a seguinte rutina é comprobar que están todos os alumnos, e poñer falta de asistencia aos que non estén. Ao acabar a clase, as rutinas son recoller os materiais de traballo, limpar as mesas, e subir as sillas sobre a mesa cando sexa a última clase do día.

Debido á problemática do COVID, intentarase facer mais actividades ao aire libre.

## **TRATAMENTO DA LINGUA EXTRANXEIRA**

Este curso a materia de Plástica segue a participar no proxecto Plurilingue. O obxectivo do Departamento para este curso é que o alumnado amplíe o seu coñecemento do vocabulario específico da materia na lingua estranxeira (inglés) e que mellore o uso comunicativo da mesma, especialmente nas competencias de comprensión e expresión oral.

A Metodoloxía empregada será, pola parte da profesora, ir introducindo paulatinamente o vocabulario específico da materia, en forma de fichas de materiais, actividades lúdicas e dictados, que se irán solapando coas explicacións teóricas e prácticas.



Ademais, as láminas de xeometría do primeiro trimestre conteñen os conceptos básicos en inglés, e os teñen que escribir de novo, polo que isto vaille permitir ao alumnado ir afianzando este vocabulario.

Dende o principio vanse realizar as explicacións das construcións xeométricas en inglés, utilizando a lingua moi despacio e tratando que entendan o procedemento.

Por outra banda, a auxiliar de conversación se ocupará de facerlles falar en clase, e levará un rexistro da participación do alumnado, que contará para nota.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

### ***RECURSOS DA AULA***

A aula consta do material que subministra a Consellería de Educación así como todo o que vaise comprando cada ano para reforzar a dotación da aula. Nestes momentos temos:

- Lavabos (4)
- Mesas de debuxo e sillas
- Estatuas de escaiola para debuxo de mancha
- Equipamento Audiovisual (Cámara de video, tripode, auriculares e microfonos inalámbricos e de petaca)
- Tórculo e material de gravado
- Tornos para modelado en barro.
- Equipamento de fotografía (cámara fotográfica)
- Cabaletes para debuxo de mancha
- Manuais de técnicas gráfico-plásticas en Castelán, Galego e Inglés.
- Materiais funxibles varios para utilización polo alumnado.
- Dicionarios Galego-Castelán–Galego, Galego–Inglés–Galego, e Castelán–Inglés–Castelán.
- Pizarra branca, portatil da aula, tablet da aula, proxector de opacos e canón proxector.
- Libros do Departamento sobre diferentes actividades artísticas para prestar ao alumnado cando lles interese.
- Equipo de música.

### ***MATERIAL DO ALUMNADO***

O alumnado de 1º ten que ter a súa carpeta de material que incluírá as seguintes cousas:

<b>MATERIAL DO ALUMNO en 1º E 3º ESO</b>	
Lápiz HB Staedtler ou portaminas	tesoiras
Lápiz 2B	Corrector branco
Goma Nata Milan	afialapis
Escuadra, cartabón, regla e transportador	Caixa 5 témperas: amarelo, magenta, cyan, branco e negro.
Lápices de cores 12 uds.	Compás
Rotuladores 12 ou 18 uds.	Carpeta de plástica
Ceras tipo plastidecor 12 uds	Rotulador edding 1200 negro
Pegamento en barra	Carpeta 10 láminas papel guarro, 2 uds
Rotulador Pilot 0,5 negro	Folder para gardar fotocopias e os traballos

Este curso non van a dar diñeiro para fotocopias, o suministra o Departamento.

Ademais deste material, a aula está provista de todo tipo de materiais para as actividades artísticas. O material da aula de plástica será o seguinte:

<b>MATERIAL DA AULA DE PLASTICA PARA 1º E 3º</b>	
Lápiz 2H, 2B e 5B	Escuadra, cartabón, regla e transportador de alta calidade se o precisasn
Cutter	Papel e Materiais texturados de moitos tipos
Plancha de cortar con cutter	Tampones para estampado
Plantillas curvas e Figuras xeometricas	Fotocopias e libros
Ceras tipo manley	Rotuladores punta gruesa e metalizados
Acuarelas	Papel de cores
Cola branca	Cartulinas de cores
Boligrafo Pilot vermello 0,5 e negro 0,7	Rotulador edding 500 negro e vermello
Rotulador edding 2500 vermello, verde, azul	Botes de témperas 5 cores para repoñer Pinceis.
Material de reciclaje	

O feito de ter que ter a sua carpeta de material, ten unha forte compoñente pedagóxica, pois obriga ao alumnado a preocuparse por levalo sempre a aula, a ser mais coidadoso con el, pois vai ser o seu material durante toda a ESO.

Ademais, ao participar no programa E-dixgal, o alumnado dispón de ordenadores pessoais cos que se poderán traballar algúns dos aspectos das novas tecnoloxías que veñen recollidos no currículo.

O Departamento dispón tamén dun equipamento audiovisual suficiente para poder realizar grabacións por parte do alumnado.

A programación adáptase á situación COVID, tendo en conta os contidos competenciais clave, e con especial atención aos imprescindibles. Evitaránse os proxectos en grupo na aula, promoveranse actividades no exterior dentro do posible. Neste curso, dado que o alumnado cambiou de etapa, se realizará unha proba de avaliación inicial, baseada nos estándares e contidos do currículo de 6º de Primaria, (Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia), para determinar o que o alumnado traballou, non traballou, adquiriu e non adquiriu.

Así mesmo, revisarase a programación para adaptala nos casos de alumnado con NEAE, para que poda participar en igualdade de oportunidades.

## **ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO**

O Departamento montou o pasado curso a Aula Virtual da materia, polo que dende o primeiro día o alumnado que por calquera motivo estea na súa casa, poderá ver nela o que se está a traballar, e comunicarse co profesorado a través do email da Aula Virtual.

Descártase dar clases mediante videoconferencias, por ter resultado ser pouco eficientes á hora de manter a atención do alumnado. Prefírese empregar a metodoloxía da “Flipped Classroom”: o alumnado ten que facer o esforzo de leer a teoría e tratar de entender os exercicios pola súa conta, lendo as explicación escritas e os vídeos subidos á Aula Virtual. As sesións virtuais empregaríanse para a consulta e resolución de dúbidas.

Tamén se empregará o correo electrónico corporativo do colexio para a comunicación directa co alumnado e a resolución de dúbidas.

Ademais, empregarase o abalar mobil para ter un contacto coas familias do alumnado que empece a descolgarse.

## **4.5- PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INICIAL**

Ao inicio do curso comprobaráanse os coñecementos previos dos alumnos da cada grupo mediante unha avaliación inicial que consistirá nunha proba tipo test escrito, oral, en formato papel ou dixital, ou exercicios de destrezas, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos.

Prestarase atención aos seguintes contidos:

- Coñecemento dos nomes dos principais materiais da aula
- Coñecemento do manexo das regras e do compas.
- Coñecemento das principais construcións xeométricas.
- Coñecemento do que son as cores, as texturas, os elementos da linguaxe plástica, os estilos artísticos.

Empregaremos a Lámina 0 e 1, o exercicio de creatividade “Maragato”, as fichas 1-2 de vocabulario de materiais, e un test en formato dixital.

### **ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

Para aprender o manexo das regras e do compas se farán exercicios de práctica destas destrezas.

Sobre o coñecemento das principais construcións xeométricas, como xa hai en cada nivel unha unidade dedicada á xeometría, chegado o momento se terá en conta os resultados obtidos para mellorar o coñecemento.

Igualmente, con respecto ao coñecemento do que son as cores, as texturas, os elementos da linguaxe plástica e os estilos artísticos, en cada unidade temática se terán en conta estes resultados da avaliación inicial para ao comenzo de cada unidade tomalos coma punto de partida e facer unha actividade de refresco destes contidos.

## 4.6- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

- Os traballos prácticos individuais (as láminas) vanse entregando a medida que os van rematando. Haberá unhas datas límite de entrega de traballos. Cada traballo puntuarase sobre 10 e ao final da avaliación farase a nota media de todos estes exercicios prácticos. Aqueles que estean sen facer puntuarán cero. Para aprobar cada exercicio terase en conta que o alumno seguira as pautas sinaladas e rematara o traballo. Non ter o exercicio rematado significa que non está aprobado. Se o exercicio está rematado, significa que está aprobado, e a nota dependerá do esforzo e interese co que se fixo, e do resultado final. Estes traballos contan o 60% da nota de cada avaliación. Empregaránse rúbricas de avaliación.
- Os traballos de búsqueda de información sobre un artista, os traballos audiovisuais, e os exercicios sobre linguaxe visual, que se teñen que facer na casa, puntuarase sobre 10. A nota fará media coas notas das láminas. Empregaránse rúbricas de avaliación.
- Os traballos en grupo valorarase sobre 10, e a nota será a mesma para cada compoñente do grupo. Nestes traballos valóranse catro cosas, por un lado a calidade e orixinalidade do debuxo, e por outro a dificultade e a corrección dos textos. Estes traballos correxíranse durante as semanas posteriores á súa entrega. Estes traballos, cando se fagan, terán relación coas diferentes celebracións que se fan no colexio. A nota fará media coas notas das láminas. Empregaránse rúbricas de avaliación.
- Os exames escritos os fará a profesora ou ben empregaranse os suministrados polo programa edixgal. O seu contido será o do material de teoría que se tivera traballado ata o momento da proba. Faránse un ou dous exames ao trimestre, dependendo do nivel do alumnado. O seu valor será o 30% da nota de cada avaliación. Neles incluírase un apartado de coñecemento de vocabulario en inglés.
- Ao final do trimestre se recollerán as fichas de vocabulario en inglés que se mandan de deberes e se verificará que o alumnado traballou todas as fichas de

inglés e fixo todas as prácticas de aula. Este traballo contará o 10% da nota de cada avaliación.

- Ao final do trimestre se revisarán as anotacións da auxiliar de conversa sobre a participación do alumnado nas sesións con ela, e destes datos sacarase outra nota que fará a media cos deberes do punto anterior.
- O comportamento valorarase da seguinte maneira: Á nota obtida na avaliación se lle réstan os negativos e súmanse os positivos. Obter negativos será por motivos coma molestar na clase, falar cando a profesora está explicando, non ter a mesa recollida e limpa, perder material, armar xaleo, perder o tempo, chegar mais tarde do requerido sen xustificación, etc. Os positivos serán por motivos variados, coma axudar a algun compañeiro, facer cousas extra, limpar os lavabos e outro material que deixaron sucios outros compañeiros, etc. Tanto os negativos coma pos positivos valen 0,1 puntos.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos cos que se realizará a avaliación dos coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado seran os seguintes:

### *Destrezas:*

- Láminas de exercicios realizadas en clase e acabadas na casa.
- Traballos plásticos feitos en grupo ou individuais.
- Grabacións e traballos similares realizados co manexo do ordenador, feitos en grupo ou individuais.
- Obxetos creados na aula e na casa.
- Traballos para celebrar diferentes celebracións, coma día da muller, Samain, día do libro, etc.

### *Coñecementos teóricos*

- Probas escritas para avaliar o coñecemento dos contidos da materia de Plástica.
- Traballos de investigación sobre os contidos teóricos feitos na casa.
- Traballos de investigación sobre un artista e unha obra, feitos na casa.

### *Comportamento*

- Se valorarán os seguintes aspectos: o cuidado do material da aula, levar o material á clase, o traballo na clase, o traballo na casa, cumprir as datas de entrega fixadas, a relación cos compañeiros, a actitude fronte ao profesorado.
- Para obter positivos se poderán levar, ao taboleiro de novas, informacións varias referidas ao mundo da arte en xeral. Tamén se poderán realizar exercicios

voluntarios, e a colaboración nas montaxes de traballos para conmemorar diferentes celebracións.

## 4.7- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS

a) A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta en cada un deles.

Laminas de exercicios sobre cada tema feitos na clase e acabados na casa.	60.00%
Traballos plásticos en grupo ou individuais feitos na casa	
Traballos de investigación	
Fichas de deberes en inglés	10.00%
Participación oral coa auxiliar de conversa	
Exame de contidos e coñecementos	30.00%
Comportamento rexistrado na libreta do profesor (suma ou resta a partir da nota obtida sen redondear)	+/- 1

b) A valoración das láminas de exercicios e dos obxectos feitos na casa e na aula se realizará do seguinte xeito:

- Adecuación do exercicio ao tema a traballar 70% (En cada exercicio se valoran cousas distintas segundo sexa os contidos traballados, empregando unha rúbrica de avaliación)
- Nome do alumno e títulos do traballo 20%
- Presentación da lámina ou obxecto (limpeza, pulcritude, datos e textos correctos) 10%
- Entrega dentro de prazo: non se valora cando se entrega no prazo, pero pasada a data de entrega, irase descontando na lámina 1 punto por cada día de retraso na entrega da mesma. Pasadas dúas semanas de clase, a lámina valerá cero, e xa non se recollerá nin terá en conta.

c) A valoración dos traballos de investigación individuais feitos na casa se realizará do seguinte xeito:

- Adecuación do contido ao tema proposto (datos correctos, resumen ideas principais, aporte persoal) 70%
- Presentación do traballo (nome, limpeza, pulcritude, marxes, letra, ortografía, imaxes, orde) 30%
- Entrega dentro de prazo: non se valora cando se entrega no prazo, pero pasada a data de entrega, irase descontando no traballo 1 punto por cada día de retraso na entrega da mesma. Pasadas dúas semanas de clase, a lámina valerá cero, e xa non se recollerá nin terá en conta.

d) A valoración dos traballos feitos en grupo se realizará do seguinte xeito:

- Calidade do debuxo 25%
- Orixinalidade do debuxo 25%
- Corrección do texto 20%
- Dificultade do texto 20%
- Reparto do traballo e colaboración no grupo 10%

e) A valoración das probas escritas e orais farase de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha, e dos cales se informará ao alumnado previamente para que o teñan en conta á hora de preparar a proba. (Por exemplo, se hai dez preguntas, que cada unha teña un valor de un punto sobre dez, etc.)

f) A valoración dos deberes en inglés terá en conta que as actividades estén rematadas. Se os traballos non están todos rematados, iráse descontando décimas. Para eso primeiro se verá o número de actividades que teñen que ter feitas, e se repartirá o seu valor de xeito proporcional no total.

g) A valoración da auxiliar de conversa terá en conta non tanto o nivel de pronunciación e de corección coma o feito de falar en inglés. Establecerase con esta persoa unha maneira de calificar a participación, que sexa clara e xusta.

h) A valoración do comportamento realizarase do seguinte xeito: Cada trimestre iranse apuntando negativos en función das faltas de puntualidade, de atención, de actitude, de coidado do material da aula, de traer os exercicios feitos na data indicada, de traer o material para traballar todos os días, de ensuciar o seu espacio e de non



limpalo, de molestar aos compañeiros, de impedir o funcionamento da aula, de impedir a docencia, etc. Cada un destas faltas será un negativo. Cada negativo valerá 0,10. Os negativos poderánse compensar con positivos, que o alumno obterá por accións realizadas por decisión e proposta propia, xa sexan limpeza da aula, axuda a compañeiros, reposición de material estragado, etc. De igual xeito, o alumnado poderá obter positivos polo excepcional comportamento, por accións realizadas voluntariamente, como ofrecerse a recoller a aula ou limpala, por botar unha man aos compañeiros con dificultade, por traer informacións sobre arte, por facer exposicións voluntarias públicas sobre os traballos de investigación individuais, etc. Os positivos valerán 0,10, e se sumarán á nota final do trimestre antes de facer o redondeo.

## **CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS**

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación consignaránse na acta e no boletín correspondentes.

Para aprobar a avaliación o alumnado ten que ter un 5,00 como nota media de todos os aspectos valorados, incluídos a valoración do comportamento.

Salvo no caso do aprobado (5,00), o resto das cualificacións trimestrais redondearánse, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é igual ou inferior a 0,65.

Cada exercicio non entregado conta 0 puntos na media. Para avaliar terásese en conta que o alumno entregase o correspondente a cada un dos apartados cos que se lle fai a cualificación.

## **PROBAS DE RECUPERACIÓN**

A recuperación dunha avaliación se realizará sempre de xeito individualizado, segundo o caso particular de cada alumno ou alumna, analizando o motivo de ter suspensa a avaliación, tendo en conta o criterio seguinte:

- No caso dos traballos non entregados (xa sexan as láminas de exercicios, os traballos de investigación teórica, ou os traballos individuais) o alumno deberá facer todos os que se lle indique na súa casa, e entregalos na data que se lle propoña. Normalmente se propondrá a entregados traballos referidos aos contidos mínimos.

- No caso dos traballos entregados que teñan unha nota inferior a 4, o profesor fara un análise dos mais importantes, e determinará xunto co alumno cales deses exercicios mal feitos deberá repetir e entregalos na data que se lle propoña.
- No caso dos traballos que estean suspensos por ter sido entregados fora de prazo, se recuperará a nota orixinal sen a penalización polo retraso, e se o traballo está aprobado, non se ten que recuperar.
- Os traballos en grupo non contarán á hora de facer a recuperación, pois non forman parte dos contidos mínimos.
- No caso dos deberes en inglés, deberá rematalos se quere conseguir o punto de traballo, pero non será obligatorio.
- No caso dos exámenes, a profesora valorará a pertinencia ou non en cada caso de volver a facer a proba. Durante a avaliación tamén se propondrá ao alumnado con exames suspensos a repetición desas probas.
- O traballo coa auxiliar de conversa non se terá en conta para a recuperación.
- A data proposta de entrega dos traballos será sempre antes da data de avaliación do seguinte trimestre. Pasada a data proposta, pérdese a posibilidade de recuperación da avaliación, e na nota final do curso se terá en conta a nota inicial obtida en cada avaliación.
- Pasado o último día de exames no mes de xuño, establecido polo claustro de profesores, o departamento non recollerá ningún traballo, aínda que a avaliación aínda non se teña realizado.

A medida que o alumnado vai entregando o que lle falta, se lle vai correxindo e facendo a media. No momento que acade o 5, terá a avaliación recuperada.

A cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é igual ou inferior a 0,65.

## **CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL**

a) Avaliación final ordinaria do mes de xuño:

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais, unha vez realizadas a correspondentes recuperacións, tal e como se define no apartado anterior.

Considerarase superada a materia cando, despois de ter efectuado o redondeo establecido anteriormente, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación de polo menos dúas avaliacións (tendo en conta as recuperacións correspondentes). Poderase superar a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é de mais de 3 puntos, e sempre que a media das tres sexa de 5 ou mais de 5 puntos, antes de facer redondeo. Non se superará a materia con dúas avaliacións suspensas. De non cumprirse o anterior, o alumno levará a materia suspensa, e lle quedará pendente para o vindeiro curso.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Estos criterios establecen como debe proceder o equipo avaliador cando deba decidir se un alumno pasa ao curso seguinte ou non. Están recollidos no PEC, e veñen fixados pola normativa que desenvolve a LOE.

## **CALENDARIO DE AVALIACIÓNS**

As avaliacións no curso 2021-2022 se realizarán previsiblemente nas seguintes datas:

1ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 15 decembro
2ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7 abril
3ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7 xuño
ORDINARIA	1º e 2º ciclo ESO - 23 xuño

## **TRABALLO NO MES DE XUÑO**

Neste mes realizaránse actividades de ampliación e reforzo dos coñecementos e destrezas adquiridos ao longo do curso, que poderán mellorar a nota para a avaliación final ordinaria, pero en ningún momento minorarán a nota media das tres avaliacións.

Tamén ao longo deste periodo se atenderá ao alumnado que teña avaliacións suspensas, para axudalo a recuperalas e que poda acadar a superación da materia na avaliación final ordinaria.

# **5- PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL DE 3º ESO**

## **5.1- OBXECTIVOS ESPECIFICOS DA MATERIA EN 3º ESO**

- Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.
- Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.
- Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.
- Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.
- Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.
- Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.
- Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.
- Identificar significado e significado nun signo visual.
- Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.
- Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.
- Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.
- Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.
- Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.
- Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.
- Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.
- Coñecer lugares xeométricos e definilos.


- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.
- Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces
- Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.
- Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.
- Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros
- Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.
- Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.
- Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais
- Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.

## **5.2-CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, PERFÍS COMPETENCIAIS, COMPETENCIAS RELACIONADAS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.**

### **PERFIL COMPETENCIAL**

O perfil competencial é unha maneira de visualizar o peso de cada competencia básica dentro da materia. As porcentaxes calcúlanse a partir do número de veces que aparece cada competencia no currículo. Na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual en 3º ESO non hai unha competencia básica específica da material senón que todas elas forman parte da súa ensinanza e aprendizaxe, e por eso teñen pesos específicos similares. A mais destacada é a competencia sobre a conciencia e as expresións culturais.

## PERFIL COMPETENCIAL DE EDUCACION PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL DE 3º ESO



### **CONCRECIÓN DE CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, GRAO DE CONSECUCCIÓN, ACTIVIDADES, E TEMPORALIZACIÓN.**

De acordo coa orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta que a materia de Educación plástica, visual e audiovisual de 3º da ESO ten 2 horas semanais, dispoñemos de 72 sesións totais no curso. A este número imos descontarlle 10 sesións, que se perderán debido a actividades do centro, folgas e outros imprevistos, co que finalmente imos planificar os contidos para 62 sesións efectivas.

Os contidos que se traballarán se dividen en tres bloques:

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
Bloque 1. Expresión plástica								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>	TODO O CURSO	x	x	x
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.2. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ 1.1.2. Coñece métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, e outras aplicacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	TODO O CURSO	x	x	x
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alieo desde a idea inicial ata a execución definitiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica o proceso creativo propio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	EXERCICIOS 8, 15,16,18 E 23	x	x	x
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.</li> <li>▪ B1.4. O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Comprende os niveis de iconicidade gráfica, e os emprega dun xeito sinxelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	LÁMINAS ARTÍSTICAS	x	x	x
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.</li> <li>▪ B1.6. Temperatura da cor.</li> <li>▪ B1.7. Simbolismo da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	TEORÍA EXERCICIO 22 – Escala cromática		3 S	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	EXERCICIO 19 - Man		2 S	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>	EXERCICIO 21 – abstracto planos EXERCICIO 20 – taier Pollock		4 S	
<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	EXERCICIO 8- Estrelado	1 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 19 – Man EXERCICIO 21 – abstracto planos		X	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Experimenta coas témperas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 20 – taier Pollock		X	



Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.4. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza o papel como material,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	EXERCICIO 23 – Collage Reinterpretación	1 S	1 S	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.5. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>	EXERCICIO 18-Escultura	1 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.6. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	EXERCICIO 24 – Figura humana	2 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	COMPORTAMENTO	X	X	X
<b>Bloque 2. Comunicación audiovisual</b>								
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo.</li> <li>B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.1.1. Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece as causas polas que se produce unha ilusión óptica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	TEORÍA - Examen EXERCICIO 9 – percepción das formas			1 S
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Ilusións ópticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións óp-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.2.1. Identifica e clasifica ilusións ópticas segundo as leis da Gestalt.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica e clasifica ilusións óptica</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> </ul>	TEORÍA – Examen			1 S

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
▪ B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	ticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.				EXERCICIO 12 – Leyes da percepción			
		▪ EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	▪	▪ CCEC	EXERCICIO 10 – ILUSION optica			1 S
▪ B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	▪ B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	▪ EPVAB2.3.1. Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	▪	▪ CD	EXERCICIO 25 - ANIMACIÓN		2 S	2 S
▪ B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	▪ B2.4. Identificar significativo e significado nun signo visual.	▪ EPVAB2.4.1. Distingue significativo e significado nun signo visual.	▪ Distingue significativo e significado nun signo visual.	▪ CCL	TEORÍA – Examen EXERCICIO 13 – Signos, logotipos			3 S
▪ B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. ▪ B2.8. Denotación e connotación.	▪ B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	▪ EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	▪ Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe.	▪ CCL	TEORÍA – Examen EXERCICIO 15 – Lectura e análise dun cadro	2 S	1 S	
		▪ EPVAB2.5.2. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	▪ Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva	▪ CCEC	EXERCICIO 15 – Lectura e análise dun cadro		1 S	2 S

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
▪ B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	▪ B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	▪ EPVAB2.6.1. Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	▪ Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	▪ CCL	TEORÍA – Examen		1 S	
		▪ EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	▪ Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista,	▪ CD	EXERCICIO 14 - Encuadres		2 S	
▪ B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	▪ B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	▪ EPVAB2.7.1. Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	▪	▪ CCL	EXERCICIO 26 - AUDIOVISUAL EN GRUPO		4 S	
▪ B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	▪ B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	▪ EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	▪	▪ CSC	TEORÍA – Examen EXERCICIO 11 - FUNCIONES			2 S
▪ B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.	▪ B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	▪ EPVAB2.9.1. Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	▪ Deseña unha mensaxe publicitaria	▪ CCL	EXERCICIO 16 - Cartel			2 S
▪ B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.	▪ B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	▪ EPVAB2.10.1. Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	▪ Reflexiona sobre unha obra de cine,	▪ CCEC	TEORÍA – Examen EXERCICIO 17 - cine			3 S

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EXERCICIO 15 – Lectura e análise dun cadro</li> </ul>	1 S	1 S	1 S
Bloque 3. Debuxo técnico								
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.1.1. Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Explica por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TEORÍA – Examen</li> <li>EXERCICIO 0, 1 - repaso</li> </ul>	3 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>TEORÍA – Examen</li> </ul>	1/2 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EXERCICIO 2, 5 – Trazar polígonos estrelados</li> </ul>	2 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolve os casos de tanxencia entre circunferencias,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EXERCICIO 3 - Tanxencias</li> </ul>	1 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Resolve os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EXERCICIO 3 - Tanxencias</li> </ul>	1 S		

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoídes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoíde básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe correctamente un óvalo</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 4 - Ovalos	1/2 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoídes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoídes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.6.1. Constrúe varios tipos de óvalos e ovoídes, segundo os diámetros coñecidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>	EXERCICIO 4 - Ovalos	1/2 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe espirais de dous e tres centros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 4 - Espirais	1 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular.</li> <li>B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándolos ao deseño de composicións con módulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> </ul>	EXERCICIO 9 - Modulo	2 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivos. Vistas diédricas dun sólido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Debuxa correctamente as vistas principais de volumes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 6, 7 - diédrico	3 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.10.1. Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 6 - Cabaleira	1 S		

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS EXISIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES EVALUADORAS	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volúmenes sencillos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.11. Comprender e practicar os procesos de construcción de perspectivas isométricas de volúmenes sencillos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB3.11.1. Realiza perspectivas isométricas de volúmenes sencillos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza perspectivas isométricas de volúmenes sencillos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 7 – Isométrica	1 S		

## **TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS**

A orde a seguir nos temas é a que se considera mais adecuada para a adquisición das destrezas básicas necesarias en cada momento, e que en principio será a que segue:

1ª Avaliación: BLOQUE 3: DEBUXO TÉCNICO

2ª Avaliación: BLOQUE 1: EXPRESÓN PLÁSTICA

3ª Avaliación: BLOQUE 2: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

En cada bloque vanse traballar os diferentes contidos empregando diferentes recursos: material audiovisual, fichas de teoría, exercicios prácticos, etc.

## **ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

O Horario neste grupo é os lúns as 11:50 e mércores as 9:00, polo que este día o alumnado ven directamente do bus á aula, e vai entrando segundo van chegando, mantendo a distribución por mesas establecida o primeiro día. 7 minutos antes de rematar a sesión, indícase que vaian recollendo e vaian facendo a desinfección da súa mesa e a súa cadeira segundo se organizou. Unha vez que todo o mundo o fixo, comezan a saír da aula.

Unha vez pasada lista e anotadas as faltas, comeza a clase propiamente dita: Primeiro se informa do que se va a facer ese día. Os días que se explica un novo tema, empréganse unha media de 15-20 minutos na explicación. Esta poderá incluír a teoría do libro dixital, a visualización de vídeos explicativos, fotocopias de información sobre os contidos teóricos, ou as veces emprégase o libro de texto que ten o departamento.

Despois da explicación teórica, plantéxase o traballo correspondente ao tema explicado. Cada 2/3 días propónse un exercicio novo. A cada exercicio se lle dedican unha media de dúas ou tres sesións. Despois o alumnado deberá rematalo na súa casa.

Unha vez que está proposto o exercicio, a profesora vai pasando polas mesas comprobando que entenderon ben as instrucións.

Os días que non hay sesión de teoría, dedicaránse exclusivamente ao traballo persoal na aula.

Unha vez ao trimestre se realizará unha actividade especial mais complexa, que pode significar varios días de traballo, saídas fora do centro, talleres prácticos de varias horas de duración, etc.

## **ORGANIZACIÓN DO ESPACIO**

A mesas colócanse mirando cara adiante. En cada unha séntase un alumno, manténdose en todo tempo a distancia de 1,50 m que establece a normativa COVID.

Elimínanse as mesas do fondo cos ordenadores e a mesa co tórculo.

Na parede do pasillo atópanse os catro lavabos e a estantería onde se garda todo o material que se emprega na aula, e mesmo os libros do departamento e os traballos feitos polo alumnado.

Na parede das ventás deixanse as repisas para colocar os traballos que precisan proceso de secado, ou ben se colgan nos cables colocados a tal efecto. Nas caixas das persianas colócanse tamén traballos realizados polo alumnado durante este ou outros cursos. Nos panos macizos temos uns estantes onde se expoñen libros sobre arte e plástica, para invitar ao alumnado a que se interese por eles.

Na parede do encerado temos un encerado branco e un cañon proxector, ademais dun moble con estantes onde se garda o material que emprega a profesora para preparar e dar as clases. Tamén ao pé desa parede atópase a mesa da profesora.

## **5.3- MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA**

### **CONTIDOS MINIMOS**

Os contidos mínimos que todo alumno debe superar para avaliar positivamente a materia son os seguintes:

#### **BLOQUE 3 : DEBUXO TÉCNICO**

- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.
- Construción de polígonos regulares dado o lado.
- Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.
- Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.
- Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.
- Redes modulares: cadrada e triangular.
- Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.



### BLOQUE 3: COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

- Percepción visual. Proceso perceptivo.
- Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.
- Ilusións ópticas.
- Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.
- Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. Denotación e connotación.
- Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.

### BLOQUE 1 : EXPRESIÓN PLÁSTICA

- Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.
- O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.
- Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.
- Temperatura da cor. Simbolismo da cor.
- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

## **OBXECTIVOS MÍNIMOS DO CURSO 3º**

- Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.
- Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.
- Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; coLaxe.
- Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.
- Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.
- Identificar significante e significado nun signo visual.
- Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.
- Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.

- Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.
- Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.
- Coñecer lugares xeométricos e definilos.
- Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.
- Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.
- Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.
- Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros

## **5.4- METODOLOXÍA**

### **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**

No Terceiro curso da E.S.O. os alumnos veñen de non ter relación algunha coa Educación Plástica, Visual e Audiovisual durante un ano, polo que moitos dos coñecementos adquiridos en 1º da E.S.O. foron esquecidos, e as destrezas adquiridas naquel momento precisan de reforzo. Por iso, un dos obxectivos da profesora é reforzar os coñecementos e destrezas que foron introducidos no primeiro ano e que considéranse básicos no seu aprendizaxe, e que son os contidos que teñen que ter adquirido ó finalizar a etapa da E.S.O. De feito, moitos dos temas de 3º son continuación e ampliación dos tratados en 1º, aínda que a as esixencias son maiores.

A metodoloxía é similar a o 1º curso, posto que este ano 3º participa do proxecto Edixgal, e polo tanto o alumnado disporá de portátiles de uso persoal e empregárase coma guía teórica o libro dixital, entre outros recursos didácticos.

### **TRATAMENTO DA LINGUA EXTRANXEIRA**

Este curso a materia de Plástica de 3º ESO volve a participar no proxecto Plurilingue. O obxectivo do Departamento para este curso é que o alumnado amplíe o seu coñecemento do vocabulario específico da materia na lingua estranxeira (inglés) e

que mellore o uso comunicativo da mesma, especialmente nas competencias de comprensión e expresión oral.

A Metodoloxía empregada será, pola parte da profesora, en primeiro lugar, darlles ao comezo do curso o vocabulario específico de 1º ESO e de 3º ESO, en forma de fichas de materiais, que se irán solapando coas explicacións teóricas e prácticas.

Despois, as explicacións das construcións xeométricas vanse explicar sempre en inglés, utilizando a lingua moi despacio e tratando que entendan o procedemento.

Ao longo do curso, deberán empregar esta lingua en gran parte dos traballos de búsqueda de información e de expresión escrita e oral de ideas e opinións.

Por outra banda, a auxiliar de conversación se ocupará de facerlles falar en clase, e levará un rexistro da participación do alumnado, que contará para nota. Tamén se fará algún xogo en cada trimestre.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os materiais e recursos do alumnado e presentes na Aula, son os mesmos que en 1º ESO.

## **ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO**

Serán as mesmas que as establecidas na programación de 1º ESO.

### **5.5- AVALIACIÓN INICIAL**

A efectos prácticos, a mellor maneira de realizar a avaliación inicial neste curso, consiste en propoñer, antes de cada Bloque temático, unha actividade de repaso, na que se van a evidenciar o que recordan e o que teñen dificultades. A realización desta avaliación deste xeito débese a que os coñecementos de 3º é unha ampliación e continuación dos iniciados en 1º da ESO.

## 5.6- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

- Os traballos prácticos individuais (as láminas) vanse entregando a medida que os van rematando. Haberá unhas datas límite de entrega de traballos. Cada traballo puntuarase sobre 10 e ao final da avaliación farase a nota media de todos estes exercicios prácticos. Aqueles que estean sen facer puntuarán cero. Para aprobar cada exercicio terase en conta que o alumno seguira as pautas sinaladas e rematara o traballo. Non ter o exercicio rematado significa que non está aprobado. Se o exercicio está rematado, significa que está aprobado, e a nota dependerá do esforzo e interese co que se fixo, e do resultado final. Estes traballos contan o 60% da nota de cada avaliación. Empregaránse rúbricas de avaliación.
- Os traballos de búsqueda de información sobre un artista, os traballos audiovisuais, e os exercicios sobre linguaxe visual, que se teñen que facer na casa, puntuarase sobre 10. A nota fará media coas notas das láminas. Empregaránse rúbricas de avaliación.
- Os traballos en grupo valoraranse sobre 10, e a nota será a mesma para cada compoñente do grupo. Nestes traballos valóranse catro cosas, por un lado a calidade e orixinalidade do debuxo, e por outro a dificultade e a corrección dos textos. Estes traballos correxiranse durante as semanas posteriores á súa entrega. Estes traballos, cando se fagan, terán relación coas diferentes celebracións que se fan no colexio. A nota fará media coas notas das láminas
- Os exames escritos os fará a profesora ou ben empregaranse os suministrados polo programa edixgal. O seu contido será o do material de teoría que se tivera traballado ata o momento da proba. Faránse un ou dous exames ao trimestre, dependendo do nivel do alumnado. O seu valor será o 30% da nota de cada avaliación. Neles incluírase un apartado de coñecemento de vocabulario en inglés.
- Ao final do trimestre se revisarán as anotacións da auxiliar de conversa sobre a participación do alumnado nas sesións con ela, e destes datos sacarase unha nota que contará un 10% na nota final da avaliación

- O comportamento valorarase da seguinte maneira: Á nota obtida na avaliación se lle réstan os negativos e súmanse os positivos. Obter negativos será por motivos coma molestar na clase, falar cando a profesora está explicando, non ter a mesa recollida e limpa, perder material, armar xaleo, perder o tempo, chegar mais tarde do requerido sen xustificación, etc. Os positivos serán por motivos variados, coma axudar a algun compañeiro, facer cousas extra, limpar os lavabos e outro material que deixaron sucios outros compañeiros, etc. Tanto os negativos coma pos positivos valen 0,1 puntos.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos cos que se realizará a avaliación dos coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado seran os seguintes:

### ***Destrezas:***

- Láminas de exercicios realizadas en clase e acabadas en casa
- Traballos plásticos feitos en grupo ou individuais.
- Grabacións e traballos similares realizados co manexo do ordenador, cámara de fotos ou de video, feitos en grupo ou individuais.
- Obxectos creados na aula e na casa.
- Traballos para celebrar diferentes celebracións coma dia da muller, día do libro, etc.

### ***Coñecemento Contidos da materia:***

- Exámenes teóricos escritos, un ao trimestre.

### ***Coñecemento Manexo lingua Inglesa:***

- Exámenes teóricos escritos, un ao trimestre.
- Anotacións da auxiliar de conversa.
- Valoración da competencia escrita nas láminas.

### ***Comportamento:***

- Se valorarán os seguintes aspectos: o cuidado do material da aula, levar o material á clase, o traballo na clase, o traballo na casa, cumprir as datas de entrega fixadas, a relación cos compañeiros, a actitude fronte ao profesorado.

## 5.7- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS

a) A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta en cada un deles.

Laminas de exercicios sobre cada tema feitos na clase e acabados na casa.	60.00%
Traballos plásticos en grupo ou individuais feitos na casa	
Traballos de investigación	
Fichas de deberes en inglés e competencia escrita en láminas.	10,00%
Participación oral coa auxiliar de conversa	
Exame de contidos e coñecementos	30.00%
Comportamento rexistrado na libreta do profesor (suma ou resta a partir da nota obtida sen redondear)	+/- 1

b) A valoración das láminas e dos obxectos feitos na casa e na aula se realizará do seguinte xeito:

- Adecuación do exercicio ao tema a traballar 80% (En cada exercicio valoraranse aspectos concretos referidos á como se plasmou a comprensión dos contidos e a realización das destrezas. Para cada exercicio desenvólvense unhas rubricas de avaliación específicas)
- Presentación da lámina ou obxecto (limpeza, pulcritude, nome) 20%
- Entrega dentro de prazo- non se valora cando se entrega no prazo, pero pasada a data de entrega, irase descontando na lámina 1 punto por cada día mais de retraso na entrega da mesma. Pasadas dúas semanas de retraso, a lámina valerá cero.

c) Nos traballos de búsqueda de información sobre un artista, os traballos audiovisuais, e os exercicios sobre linguaxe visual, valorarase a pertinencia dos contidos, a organización da información e do espazo, a limpeza e pulcritude. Tamén terase en conta que estea todo o pedido, que se fagan ben os resumos, que non falte

información relevante, que se incluan imaxes, que se faga un comentario persoal sobre o cadro do artista e que se intente redactar unha descripción do mesmo.

d) Nos traballos en equipo valóranse o esforzo realizado, que aparezan todos os temas e técnicas plantexadas no traballo e que todo o grupo participe de forma homoxénea,. Estes traballos correxíranse durante as semanas posteriores á súa entrega. Estes traballos, cando se fagan, poderán ter relación coas diferentes celebracións que se fan no colexio ou con temáticas propias da materia.

f) A valoración das probas escritas farase de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha.

g) A valoración do comportamento realizarase do seguinte xeito: Cada trimestre íranse apuntando negativos en función das faltas de puntualidade, de atención, de actitude, de coidado do material da aula, de traer os exercicios feitos na data indicada, de traer o material para traballar todos os días, de ensuciar o seu espacio e de non limpalo, de molestar aos compañeiros, de impedir o funcionamento da aula, de impedir a docencia, etc. Cada un destas faltas será un negativo. Cada negativo valerá 0,10. Os negativos poderáanse compensar con positivos, que o alumno obterá por accións realizadas por decisión e proposta propia, xa sexan limpeza da aula, axuda a compañeiros, reposición de material estragado, etc. De igual xeito, o alumnado poderá obter positivos polo excepcional comportamento, por accións realizadas voluntariamente, como ofrecerse a recoller a aula ou limpala, por botar unha man aos compañeiros con dificultade, por traer informacións sobre arte, por facer exposicións voluntarias públicas sobre os traballos de investigación individuais, etc. Os positivos valerán 0,10, e se sumarán á nota final do trimestre antes de facer o redondeo.

## **CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS**

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación consignaríanse na acta e no boletín correspondentes.

Para aprobar a avaliación o alumnado ten que ter un 5,00 como nota media de todos os aspectos valorados, incluídos a valoración do comportamento.

Salvo no caso do aprobado (5,00), o resto das cualificacións trimestrais redondearíanse, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior

se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é igual ou inferior a 0,65.

Cada exercicio non entregado conta 0 puntos na media. Para avaliar terásese en conta que o alumno entregase o correspondente a cada un dos apartados cos que se lle fai a cualificación.

## **PROBAS DE RECUPERACIÓN**

A recuperación dunha avaliación se realizará sempre de xeito individualizado, segundo o caso particular de cada alumno ou alumna, analizando o motivo de ter suspenso a avaliación, tendo en conta o criterio seguinte:

- No caso dos exercicios non entregados, o alumno deberá facelos todos na súa casa e entregalos na data que se lle propoña.
- No caso dos exercicios entregados e que teñan unha nota inferior a 4, o profesor fara un análise dos mais importantes, e determinará xunto co alumno cales deses exercicios mal feitos deberá repetir e entregalos na data que se lle propoña.
- No caso dos traballos que estean suspensos por ter sido entregados fora de prazo, se recuperará a nota orixinal sen a penalización polo retraso, e se o traballo está aprobado, non se ten que recuperar.
- Os traballos en grupo non contarán á hora de facer a recuperación, pois non forman parte dos contidos mínimos.
- No caso dos exames, se non se recuperaron ao longo da avaliación, a profesora estudiará en cada caso a pertinencia ou non de que se repita a proba.
- O traballo coa auxiliar de conversa non se terá en conta para a recuperación.
- A data proposta de entrega dos traballos será sempre antes da data de avaliación do seguinte trimestre. Pasada a data proposta, pérdese a posibilidade de recuperación da avaliación, e na nota final do curso se terá en conta a nota inicial obtida en cada avaliación.
- Pasado o último día de exames no mes de xuño establecido polo claustro de profesores, o departamento non recollerá ningún traballo, aínda que a avaliación aínda non se teña realizado.

Para os efectos de cálculo da cualificación final, teranse en conta a cualificación mais alta das dúas: da avaliación ou da recuperación correspondente.



A cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é inferior a 0,65. Tendo en conta sempre que o aprobado estará no 5,00.

## **CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL**

### *a) Avaliación final ordinaria do mes de xuño*

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais, unha vez realizadas as recuperacións, que se realizarán durante o mes de xuño.

Considerarase superada a materia cando, despois de ter efectuado a media e o redondeo establecido no punto correspondente se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Con carácter xeral, para superar a materia requirase a superación de polo menos dúas avaliacións (incluídas as recuperacións) . Poderase superar a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é de mais de 3 puntos, e sempre que a media das tres sexa de igual ou mais de 5 puntos, despois de facer redondeo. Non se superará a materia con dúas avaliacións suspensas. De non cumprirse o anterior, o alumno levará a materia suspensa, e lle quedará pendente para o vindeiro curso académico.

## **ATENCIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA.**

A metodoloxía que aplica o Departamento para a atención deste alumnado contempla as seguintes medidas xerais:

- Colocación do alumnado na aula cerca da profesora, para a detección e atención rápida das necesidades.
- Identificación das dificultades e necesidades individuais de cada alumno/a
- Adaptación dos contidos da programación as características do alumnado.
- Adaptación dos Criterios e ferramentas de cualificación.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Estos criterios establecen cómo debe proceder o equipo avaliador cando deba decidir se un alumno pasa ao curso seguinte ou non. Están recollidos no PEC, e veñen fixados pola normativa que desenvolve a LOE.

## **CALENDARIO DE AVALIACIÓNS**

As avaliacións no curso 2021-2021 se realizarán nas seguintes datas:

1ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 15 decembro
2ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7 abril
3ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7 xuño
ORDINARIA	1º e 2º ciclo ESO - 23 xuño

## **TRABALLO NO MES DE XUÑO**

Neste mes realizaránse actividades de ampliación e reforzo dos coñecementos e destrezas adquiridos ao longo do curso, que poderán mellorar a nota para a avaliación final ordinaria, pero en ningún momento minorarán a nota media das tres avaliacións.

Tamén ao longo deste periodo se atenderá ao alumnado que teña avaliacións suspensas, para axudalo a recuperalas e que poda acadar a superación da materia na avaliación final ordinaria.

# **6- PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL DE 4º ESO**

## **6.1-OBXECTIVOS ESPECIFICOS DA MATERIA EN 4º ESO**


- a) Apreciar e interpretar con espírito crítico as diversas clases de linguaxes e os seus elementos caracterizadores.
- b) Coñecer e respectar os diversos modos de expresión e comunicación visual, superando convencionalismos.
- c) Percibir, observar , valorar e interpretar as mensaxes visuais do contorno, recoñecendo as súas formas básicas e complexas.
- d) Desenvolver a capacidade creativa para expresarse correctamente coa linguaxe visual grafico-plástica.
- e) Comprender as relacións da linguaxe visual e plástica coas outras linguaxes, así como con as novas tecnoloxías adaptándoas as súas responsabilidades e necesidades expresivas.
- f) Representar correctamente as formas, aplicando diferentes métodos descritivos.
- g) Planificar conxuntamente os diferentes procesos de realización de obras, adoptando actitudes positivas e desterrando todo signo de intolerancia ou discriminación.
- h) Valorar e apreciar as producións dos demais aínda que difiran dos gustos propios, educando a sensibilidade.
- i) Aumentar os recursos expresivos para atopar mellores e mais adecuadas solucións plásticas, apreciando as posibilidades que ofrece a investigación dos procedementos e técnicas.
- j) Recoñecer que o feito artístico tamén se atopa no contorno e non so nos museos.
- k) Valorar e apreciar o material, o propio e o da aula, manténdoo en perfecto estado de uso e conservación.

## 6.2- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, PERFÍS COMPETENCIAIS, COMPETENCIAS RELACIONADAS, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN.

### PERFIL COMPETENCIAL

O perfil competencial é unha maneira de visualizar o peso de cada competencia básica dentro da materia. As porcentaxes calcúlanse a partir do número de veces que aparece cada competencia no currículo. Na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 4º ESO, non hai unha competencia básica específica da materia, senón que en todas elas hai un apartado que se lle pode aplicar á materia e que forman parte da súa ensinanza e aprendizaxe. Neste curso a competencia máis destacada é a Conciencia e Expresión Cultural, o cal é normal, pois neste curso cobra gran importancia o proceso de creación e análise persoal do alumnado que a escolle coma optativa. Tamén destaca, polo mesmo, a competencia sobre a iniciativa e o espírito emprendedor. O resto das competencias teñen una presenza similar. Destaca a ausencia da competencia lingüística e da competencia social e cívica.

### PERFIL COMPETENCIAL DE EDUCACION PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL DE 4º ESO



## **CONCRECIÓN DOS CONTIDOS, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, ACTIVIDADES, E TEMPORALIZACIÓN**

*De acordo coa orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta que a materia de Educación plástica, visual e audiovisual de 4º da ESO ten 3 horas semanais, dispoñemos de 106 sesións totais no curso. A este número imos descontarlle 12 sesións, que se perderán debido a actividades do centro, folgas e outros imprevistos, co que finalmente imos planificar os contidos para 94 sesións efectivas.*

Neste nivel nunca se emprega libro de texto, pois se traballa por proxectos de investigación e creación.

Os contidos que se traballarán se dividen en catro bloques:

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
Bloque 1. Expresión plástica								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza composicións artísticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	Este contido se traballa ao longo de todo o curso	X	X	X
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Leis da composición.</li> <li>▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.</li> <li>▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aplica as leis de composición,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 11: Analise	3 S	6 S	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Estuda movemento e as liñas de forza dunha imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 13: Cartel			
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 20: Fotos		2 S	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.</li> <li>▪ B1.6. Interese pola investigación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece e elixe os materiais máis axeitados</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>	EXERCICIO 11 - Analise			
					EXERCICIO 13: Cartel			

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<p>ción sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.</li> </ul>	realización.				EXERCICIO 14: Estatua			6 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utiliza con propiedade os materiais e mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>	Este contido se traballa ao longo de todo o curso	x	x	x
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).</li> <li>▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 13: Cartel  EXERCICIO 19: Storyboard		6 S	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.</li> <li>▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuir á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 11 - Análise			
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 11 - Análise			

Bloque 2. Debuxo técnico

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.</li> <li>▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.</li> <li>▪ B2.3. Tanxencias e enlaces.</li> <li>▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	TEORÍA	1/2 SESI ON		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 1: Acotación, cambio de escala.	6 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 2: Construcción dun arco polilobulado con tanxencias diversas.	2 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica a creación de deseños persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Crea deseños persoais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 3: Polígono estrelado	2 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.</li> <li>▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.</li> <li>▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</li> <li>▪ B2.8. Sistema axonométrico:</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Visualiza formas tridimensionais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 5 representación Isométrica	1 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 4 – Debuxar dos figuras en representación diédrica	3 S		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Debuxa perspectivas de formas tridimensionais,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 5 - Debuxar dos figuras en representación	3 S		



Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<p>isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.9. Perspectiva cónica central.</li> <li>▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua.</li> <li>▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.</li> </ul>					isométrica	3 S		
					EXERCICIO 6- Debuxar dos figuras en perspectiva cabaleira	3 S		
					EXERCICIO 7- Debuxar dos figuras en perspectiva militar.			
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza perspectivas cónicas frontais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 8 - Debuxar dos figuras empregando a perspectiva cónica central	3 s		
					EXERCICIO 9 - Debuxar dos figuras empregando a perspectiva cónica oblicua.	3 S		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>	EXERCICIO 10 - Debuxa empregando un programa tipo autocad ou	3 S		

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
					similar.			
Bloque 3. Fundamentos do deseño								
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).</li> <li>▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño.</li> <li>▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.</li> <li>▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	TEORÍA			1/2 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 17 – análisis estético			3 S
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	TEORÍA			1/2 S
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.</li> <li>▪ B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.</li> <li>▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Realiza deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 15: Tipografía			4 S
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 16: logotipo			6 S

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
adaptados ás áreas do deseño. ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. ▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico.		▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.	▪ Realiza composicións creativas e funcionais	▪ CSIEE ▪ CCEC				
		▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	▪ Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC				
		▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	▪ Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos	▪ CSIEE ▪ CCEC				
Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia								
▪ B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. ▪ B4.2. Realización dun storyboard.	▪ B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	▪ Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas,	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC	EXERCICIO 18: análise Películas TEORÍA		1/2 S	
		▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	▪ Realiza un storyboard	▪ CSIEE				
▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara	▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e	▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os	▪ Ve películas cinematográficas	▪ CD ▪ CSIEE	EXERCICIO 18: análise Películas		3 S	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
no cine. ▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. ▪ B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxomalísticas.	as súas finalidades	movementos de cámara.		▪ CCEC				
		▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	▪ Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC	EXERCICIO 20: Fotografía creación		3 S	
		▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	▪ Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC	EXERCICIO 21: Fotografía análise		3 S	
▪ B4.6. Creación dixital de imaxes. ▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. ▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	▪ Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC	EXERCICIO 23: Crear imaxes dixitais			4 S
		▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	▪ Proxecta un deseño publicitario	▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC	EXERCICIO 13- Cartel.			
		▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	▪ Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CCEC				

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO								
CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	MÍNIMOS ESIXIBLES	COMPE- TENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES	TEMPORALIZACIÓN		
						T1	T2	T3
<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Analiza elementos publicitarios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CSIEE</li> <li>CCEC</li> </ul>	EXERCICIO 22 Anuncios			2 S

## **TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS EN 4º E.S.O.**

A temporalización deste curso sempre é variable segundo as necesidades que van xurdindo. O Departamento comeza sempre co bloque de debuxo técnico.

Despois de esta actividade, organizaráse o resto do trimestre e do curso en función dos intereses do alumnado e do cumprimento dos contidos do currículo. É por eso que a programación que se propón pode sufrir modificacións ao longo do curso.

A orde a seguir nos temas é a que se considera mais adecuada para a adquisición das destrezas básicas necesarias en cada momento, e tamén terá en conta o tempo necesario para os proxectos en relación coas actividades coas que se vaian a relacionar. Polo tanto a orde en principio será a que segue:

1ª Avaliación: BLOQUE 2 e 3

2ª Avaliación: BLOQUE 1, 3 e 4

3ª Avaliación: BLOQUE 1, 3 e 4

En cada bloque vanse traballar os diferentes contidos empregando diferentes recursos:, pero incidindo no traballo persoal tanto na aula como na casa.

## **ORGANIZACIÓN DO TEMPO**

Ao igual que no resto dos grupos, O alumnado ten que ir entrando na aula polo orden establecido, mantendo as distancias.

Despois, comeza a clase propiamente dita: Primeiro se informa do que se va a facer ese día. Na maioría das ocasións será a continuación do seu traballo e a corrección do que fixeron na casa.

Tódolos días comézase a recoller a aula sete minutos antes de soar o timbre, para dar tempo a realizar a desinfeccións das mesas e cadeiras. O grupo debe deixar limpas as mesas, o chan, e o material empregado nesa sesión recollido.

Con respecto a opción de facer talleres voluntarios para subir nota, en xeral en 4º ESO non é necesario, a os proxectos nos que traballan xa lles levan bastante tempo.

## **ORGANIZACIÓN DO ESPACIO**

Ainda que o emprego do espacio en 4º habitualmente é diferente, este curso, por mor das circunstancias especiais debido a situación polo COVID, se traballará sempre na aula sin cambiar de sitios, e se procurará na medida do posible realizar actividades no exterior.

A mesas colócanse mirando cara adiante. En cada unha séntase un alumno, manténdose en todo tempo a distancia de 1,50 m que establece a normativa COVID.

Elimínanse as mesas do fondo cos ordenadores así coma a mesa do tórculo.

Na parede do pasillo atópanse os catro lavabos e a estantería onde se garda todo o material que se emprega na aula, e mesmo os libros do departamento e os traballos feitos polo alumnado.

Na parede das ventás deixanse as repisas para colocar os traballos que precisan proceso de secado, ou ben se colgan nos cables colocados a tal efecto. Nas caixas das persianas colócanse tamén traballos realizados polo alumnado durante este ou outros cursos. Nos panos macizos temos uns estantes onde se expoñen libros sobre arte e plástica, para invitar ao alumnado a que se interese por eles.

Na parede do encerado temos un encerado branco e un cañon proxector, ademais dun moble con estantes onde se garda o material que emprega a profesora para preparar e dar as clases. Tamén ao pé desa parede atópase a mesa da profesora.

### **6.3- CONTIDOS MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA**

Os contidos mínimos necesarios para a superación da materia depende do bloque de contidos no que estemos traballando.

- **BLOQUE1: EXPRESIÓN PLÁSTICA**

Neste bloque se esixe que teña feitos polo menos a metade os traballos propostos

- **BLOQUE 2: DEBUXO TÉCNICO**

Neste bloque se lle esixe a cada alumno que teña a lo menos 2 exercicios ben de cada sistema de representación. Este curso, por mor do alumnado matriculado, vaise esixir un pouco menos ao alumnado con mais dificultades

- **BLOQUE 3: FUNDAMENTOS DO DESEÑO**

Neste bloque se lle esixe a o alumno que teña ben feitas a lo menos unha lámina de cada tipo na parte de grabado e ter feito o traballo escrito do tema proposto

- **BLOQUE 4: LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA**

Neste bloque se lle esixe que entregue un dos exercicios de fotografía, que faga un dos exercicios de animación, e que entregue os traballos escritos sobre o cómic e sobre a fotografía.

## **OBXECTIVOS MÍNIMOS DO CURSO 4º**

- Analizar as imaxes segundo os elementos básicos que as constitúen.
- Utilizar os elementos configurativos de liña, cor e textura adecuándoos á forma.
- Representar unha forma tridimensional a través das súas vistas fundamentais.
- Representar a sensación espacial dun plano, utilizando como recurso distintos tipos de perspectiva.
- Utilizar correctamente o material técnico no trazado do debuxo analítico.
- Recoñecer distintos tipos de soportes e técnicas de expresión gráfico-plásticas.
- Utilizar correctamente as técnicas gráficas segundo diversas intencións comunicativas.
- Valorar o proceso de creación nas artes visuais, analizando obras de distintas épocas e estilos.
- Manexar e recoñecer as diferentes creacións multimedia empregando medios informáticos.
- Valorar o esforzo que supón a realización dun traballo plástico e deterse na súa planificación.

## **6.4- METODOLOXIA**

### **ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS**

No curso de 4º ESO a materia é optativa. Isto fai que o alumnado que a colle teña diferentes intereses e motivos. Unha das principais estratexias é poñer en común os intereses de todos, e segundo eso, e sen deixar de lado o currículo da materia, intentar centrar os esforzos nas áreas que o alumnado teña máis interese. En ocasións, plantéxanse diferentes actividades segundo o interese do alumnado.

Outra estratexia metodolóxica é a de focalizar o esforzo no traballo persoal na casa e no análise dos motivos porqué fan as cousas. As explicacións teóricas son poucas, e o tempo na aula é un tempo de compartir os traballos e as dúbidas.

Deixase ao alumnado a responsabilidade sobre o seu traballo. Aínda que se poden poñer positivos ou negativos polo comportamento, é moi raro que se faga uso deles, pois é cousa do alumnado traballar e levar o que fai á clase para que sexa comentado.

Pasadas as datas de entrega, non se recolle nada.



Os Traballos que non se correxiron na aula, serán penalizados nas entregas, porque a profesora ten que coñecer o que o alumnado está a facer.

## **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Os materiais e recursos do alumnado e presentes na Aula, son os mesmos que na programación de 1º ESO. Para cada proxecto temático o alumnado deberá levar a aula o material necesario, que xa tiveron que mercar nos cursos de 1º e 3º. Sen embargo moitos materiais son novos: parte o suministra o departamento, e parte aporta o alumnado un diñeiro.

Este curso a materia de 4º participa no proxecto Edixgal, polo que o alumnado terá un portatil de uso persoal, e poderemos empregar o libro dixital. Este libro empregárase como apoio das explicacións da profesora, e servirá sobre todo para que o alumnado que quera profundizar nos contidos, o poda facer, seguindo as indicacións do Departamento.

## **ACTUACIÓN E PAUTAS PARA NUN SUPOSTO CONFINAMENTO**

Serán as mesmas que as establecidas na programación de 1º ESO.

### **6.5- AVALIACIÓN INICIAL**

Aínda que neste nivel xa se coñece ao alumnado e as súas dificultades e carencias, a proba que se vai realizar consistirá en propoñer, antes de cada Bloque Temático, unha actividade de repaso, na que se van a evidenciar o que recordan do pasado curso e as dificultades que teñen nese Bloque específico.

### **6.6- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

#### **PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Os traballos iranse correxindo a medida que se vaian entregando. Unha vez pasada a data de entrega, en dúas semanas a profesora os correxirá e devolverá

aos alumnos. Cada traballo puntuarase sobre 10 e ao final da avaliación farase a nota media de todos os traballos feitos. Aqueles que estean sen facer ou sen entregar puntuarán cero. Pasada a data de entrega non se recolle ningún traballo.

- O comportamento valorarase da seguinte maneira: Á nota obtida na avaliación se lle réstan os negativos e súmanse os positivos. Obter negativos será por motivos coma molestar na clase, falar cando a profesora está explicando, non ter a mesa recollida e limpa, perder material, armar jaleo, perder o tempo, chegar mais tarde do requerido sen xustificación, etc. Os positivos serán por motivos variados, coma axudar a algun compañeiro, facer cousas extra, limpar os lavabos e outro material que deixaron sucios outros compañeiros, etc. Tanto os negativos coma os positivos valen 0,1 puntos.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos cos que se realizará a avaliación dos coñecementos e destrezas adquiridos polo alumnado serán os seguintes:

### ***Destrezas:***

- Láminas de exercicios realizadas en clase.
- Láminas de exercicios realizadas en casa.
- Traballos plásticos feitos en grupo ou individuais.
- Grabacións e traballos similares realizados co manexo do ordenador, cámara de vídeo, cámara de fotos, feitos en grupo ou individuais.
- Obxetos creados na aula e na casa.
- Traballo nas montaxes das celebracións de Nadal, Antroido e Fin de curso.
- Traballos escritos sobre os temas propostos.

### ***Comportamento***

Se valorarán os seguintes aspectos: o cuidado do material da aula, levar o material á clase, o traballo na clase, o traballo na casa, cumprir as datas de entrega fixadas, a relación cos compañeiros, a actitude fronte ao profesorado.

## 6.7- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS

a) A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta en cada un deles.

Láminas, obxectos, grabacións en ordenador, vídeos, traballos escritos, de investigación, etc, feitos na clase e na casa, individuais e en grupo.	100,00%
Comportamento	+/- 1 punto

b) A valoración das láminas o dos obxectos feitos na casa e na aula se realizará do seguinte xeito:

- Adecuación do exercicio ao tema a traballar 80%
- Presentación da lámina ou obxecto (limpeza, pulcritude, datos) 20%
- Entrega dentro de prazo- non se valora cando se entrega no prazo, pero pasada unha semana da data de entrega, irase descontando na lámina 1 punto por cada día mais de retraso na entrega da mesma. Pasados dez días de retraso, a lámina valerá cero.

No caso da 1º avaliación, se fará unha valoración específica dos traballos da parte de sistemas de representación do seguinte xeito:

Faráanse tres exercicios de cada sistema de representación, con eses tres exercicios obterase unha nota media, e ao final farase a media das notas correspondentes a cada sistema de representación.

c) A valoración dos traballos escritos e de investigación feitos na casa se realizará do seguinte xeito:

- Adecuación do contido ao tema proposto (datos correctos, resumen ideas principais, aporte personal) 60%
- Presentación do traballo (limpeza, pulcritude, marxes, letra, ortografía, imaxes, orde) 30%
- Entrega dentro de prazo 10% (Non se admitirán traballos fora da data prevista)

d) A valoración dos traballos feitos en grupo se realizará do seguinte xeito:

- Adecuación do traballo ao plantexado 60%
- Presentación do exercicio (limpeza, pulcritude, datos) 20%
- Entrega dentro de prazo 10%
- Reparto do traballo e colaboración no grupo 10%

e) A valoración do comportamento realizarase do seguinte xeito: Cada trimestre iranse apuntando negativos en función das faltas de puntualidade, de atención, de actitude, de coidado do material da aula, de traer os exercicios feitos na data indicada, de traer o material para traballar todos os días, de ensuciar o seu espacio e de non limpalo, de molestar aos compañeiros, de impedir o funcionamento da aula, de impedir a docencia, etc. Cada un destas faltas será un negativo. Cada negativo valerá 0,10. Os negativos poderánse compensar con positivos, que o alumno obterá por accións realizadas por decisión e proposta propia, xa sexan limpeza da aula, axuda a compañeiros, reposición de material estragado, etc. De igual xeito, o alumnado poderá obter positivos polo excepcional comportamento, por accións realizadas voluntariamente, como ofrecerse a recoller a aula ou limpala, por botar unha man aos compañeiros con dificultade, por traer informacións sobre arte, por facer exposicións voluntarias públicas sobre os traballos de investigación individuais, etc. Os positivos valerán 0,10, e se sumarán á nota final do trimestre antes de facer o redondeo.

## **CUALIFICACIÓN DAS AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS**

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación consignaránse na acta e no boletín correspondentes.

A cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é inferior a 0,65.

Cada exercicio non entregado conta 0 puntos na media. Para avaliar terase en conta que o alumno entregase o correspondente a cada un dos apartados cos que se lle fai a cualificación. De faltar algunha cousa, ademais de contar un 0 na media, restarase medio punto mais á nota final.

## **PROBAS DE RECUPERACIÓN**

A recuperación dunha avaliación se realizará sempre de xeito individualizado, segundo o caso particular de cada alumno ou alumna, analizando o motivo de ter suspenso a avaliación, tendo en conta o criterio seguinte:

- No caso dos exercicios non entregados, o alumno deberá facelos todos na súa casa e entregalos na data que se lle propoña.
- No caso dos exercicios entregados e que teñan unha nota inferior a 4, o profesor fara un análise dos mais importantes, e determinará xunto co alumno cales deses exercicios mal feitos deberá repetir e entregalos na data que se lle propoña.
- A data proposta sempre será antes da data de avaliación da seguinte avaliación. Pasada a data proposta, non haberá posibilidade de recuperación da avaliación e se fará a media final con esa nota.

Para os efectos de cálculo da cualificación final, teranse en conta a cualificación mais alta das dúas: da avaliación ou da recuperación correspondente.

A cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é de 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é inferior a 0,65.

## **CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL**

### ***a) Avaliación final ordinaria do mes de xuño***

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais, ou das súas correspondentes recuperacións, de ser necesarias.

Considerarase superada a materia cando, despois de ter efectuado o redondeo establecido, se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Con carácter xeral, para superar a materia requírase a superación de polo menos dúas avaliacións (ou das súas recuperacións). Poderase superar a materia cunha avaliación suspenso se a cualificación desta é de mais de 3 puntos, e sempre que a media das tres sexa de mais de 5 puntos, despois de facer redondeo. Non se superará a materia con dúas avaliacións suspensas. De non cumprirse o anterior, o alumno levará a materia suspenso.

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Estos criterios establecen como debe proceder o equipo avaliador cando deba decidir se un alumno pasa ao curso seguinte ou non. Están recollidos no PEC, e veñen fixados pola normativa que desenvolve a LOE.

## **CALENDARIO DE AVALIACIÓNS**

As avaliacións no curso 2021-2022 se realizarán nas seguintes datas:

1ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 15 decembro
2ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7 abril
3ª AVALIACIÓN	1º e 2º ciclo ESO – 7 xuño
ORDINARIA	1º e 2º ciclo ESO - 23 xuño

## **TRABALLO NO MES DE XUÑO**

Neste mes realizaránse actividades de ampliación e reforzo dos coñecementos e destrezas adquiridos ao longo do curso, que poderán mellorar a nota para a avaliación final ordinaria, pero en ningún momento minorarán a nota media das tres avaliacións.

Tamén ao longo deste periodo se atenderá ao alumnado que teña avaliacións suspensas, para axudalo a recuperalas e que poda acadar a superación da materia na avaliación final ordinaria.

## 7. MODIFICACIÓNS PROPOSTAS NA MEMORIA DO CURSO ANTERIOR

A partir das propostas do curso anterior, se definen as accións a realizar este curso:

1. Mellorar é a formación informática do alumnado e a súa competencia dixital:

*Este curso todos os grupos participan no proxecto E-dixgal, co cal vaise mellorar a súa competencia dixital. Ademais, vanse adaptar as Aula Virtuales aos cursos Plurilingües.*

2. Mellorar a competencia lingüística:

*O Departamento decide crear un Club de Lectura informal de Banda Deseñada, para atraer ao alumnado que lle interese esta rama da expresión artística.*

3. Plantexar todos os trimestres un traballo colaborativo con ferramentas TIC.

*Os traballos en equipo se recuperan, e se plantexa un Contrato Programa para todo o alumnado de Secundaria, para profundizar no manexo do equipamento audiovisual.*

4. Profundizar nas actividades de creatividade e pensamento diverxente e no debuxo a man.

*Facer mais exercicios creativos a man*

5. Sacar actividades da Aula:

*Este curso vanse facer mais actividades no exterior.*

6. Eliminar a aportación de diñeiro do alumnado:

*Posto que o Departamento ten mais fondos, non é necesario dito aporte.*

## **8. PROGRAMAS DE REFORZO DAS MATERIAS PENDENTES**

### **PLAN DE TRABAJO PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Non hai alumnado coa materia pendente en ningún curso.

### **PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSOALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR**

Con carácter xeral, hai tres tipos de alumnos repetidores: os que superaron a materia de Plástica pero non superaron o mínimo de materias esixidas para promocionar, os que non superaron a materia de Plástica por non chegar aos contidos mínimos, e os que abandonaron a materia.

Este ano temos 2 alumnos que repiten 3º ESO. A situación de cada un é diferente con respecto a materia de Plástica:

Un deles abandonou a materia o curso pasado, foi a Setembro cun 1 de nota media, e non se presentou, polo que este curso ten que realizar o mesmo traballo que o alumnado que non repite.

Outro alumno foi a setembro e non recuperou a materia, lle quedou cun 4. A Este alumno se lle recollerán os traballos que entregou o pasado curso e se revisarán para ver cales ten superados e cales non. Ademais, se lle realizará un reforzo de contidos naqueles que tivera mais dificultades o pasado curso

Con respecto a 4º ESO, este curso hai un alumno que repite, pero que o pasado curso non colleu a materia de Plástica, polo que este ano é todo novo para el, así que non se lle vai facer ningunha adaptación especial, salvo vixiar de cerca as súas necesidades en caso de telas, o mesmo que se vai facer.



## **9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **MEDIDAS METODOLÓXICAS.**

Salvo nos casos nos que nos atopemos con serias dificultades de comprensión e realización de traballos, a metodoloxía non variará. Nese casos particulares, estudarase a dificultade concreta e modificarase a metodoloxía naqueles apartados nos que sexa necesario.

### **MEDIDAS CURRICULARES.**

Os contidos teóricos-prácticos da materia non se modifican, posto que estes contidos son en xeral moi básicos.

Sen embargo, nos casos de dificultade de comprensión, eliminaranse tanto do exame coma das probas prácticas aqueles elementos de maior dificultade, de tal xeito que o alumno poda superar a materia.

O alumnado que teña serias dificultades e teña un diagnóstico, se lle poderá aplicar unha ACI.

De igual xeito aos alumnos mais avanzados suministrará mais información e se lle exisirá maior dificultade nos exercicios prácticos, e se lle avaliará por iso.

Ademais, o Departamento modifica os criterios e as ferramentas de avaliación, sobre todo nos casos nos que o alumando necesita un reforzo.

### **MEDIDAS ORGANIZATIVAS.**

O alumnado con NEAE se colocará sempre nas primeiras filas, para recibir atención directa da profesora.

Nas sesións de clase, a secuencia na aula vai ser sempre a seguinte: en primeiro lugar, o común a todos o alumnado. En segundo lugar, as adaptación e axudas ao alumnado con dificultade. En terceiro lugar, as adaptación e axudas ao alumnado que vai mais adiantado ou que repite a materia.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS NA AULA DE 1º ESO**

- No grupo de 1ºA temos un alumno con diagnóstico TDHA Inatento, que tamén vai a Logopeda. O alumno está colocado diante, vaise controlar a axenda

todas as sesións, vaise reforzar a comunicación coa familia, e se aplicará as medidas do protocolo de TDHA. Tamén temos un alumno que arrastra dificultades e carencias dende a Primaria e que pasou por imperativo legal. Se lle vai vixiar os resultados e se lle aplicará un reforzo en canto sexa necesario, modificando as ferramentas de avaliación. Se lle vai colocar mais adiante. Temos outro alumno tamén con certas dificultades de Primaria, que se vai vixiar.

- No grupo de 1º B temos un alumno xon síndrome KGB, que está colocado diante. Ten dificultades de visión, polo que se lle van a modificar os instrumentos de avaliación. Tamén temos un alumno de Servizos sociais, con baixa autoestima e fracaso escolar. Nesta materia non é malo, polo que en principio soamente se vai a traballar a súa autoestima para que consiga por si mesmo uns bos resultados. Temos outro alumno con dixlexia, ao cal se le aplicará o protocolo concreto, sobre todo nos exames e no material que ten que estudar. Modificaranse as probas de avaliación escritas, e se farán orais.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS NA AULA DE 3º ESO**

- Neste grupo temos unha alumna con diagnóstico de dificultades cognitivas que xa tivo unha ACI en 1º ESO, e a cal se lle vai a aplicar en principio, outra ACI neste curso.
- Ademais un dos repetidores ten diagnóstico TDHA, e se lle continuará aplicando o protocolo correspondente igual que o curso pasado, modificando os instrumentos de avaliación. Hai outros tres do grupo que poden presentar dificultades e son susceptibles de aplicar un reforzo, modificando as ferramentas de avaliación, unha vez revisados os resultados da 1ª avaliación.

### **MEDIDAS ESPECÍFICAS NA AULA DE 4º ESO**

Este curso, por mor da organización das materias optativas, matriculáronse na materia de Plástica de 4º da ESO alumnado que foi a setembro coa materia pendente ou que tiveron moitas dificultades nela, e ao que se aconsellou que non a colleran en 4º. Esta materia tamén a colle alumnado por interese persoal nela, por calquera dos contidos que se traballan e que lles pode resultar de utilidade nos seus futuros estudos.

Esto obriga ao Departamento a realizar unha adaptación da programación segundo a idiosincracia do tipo de alumnado:

Por un lado temos o grupo de alumnado con NEAE: 1 alumno está diagnosticado con TDHA, un alumno ten diagnóstico de TEA e TDHA, e outro alumno

ten unha dificultade cognitiva asociada a un síndrome. E outros 2 poden necesitar reforzo. Polo tanto, ademais das consideracións xerais anteriores, en cada caso aplicarase o protocolo de atención educativa correspondente e modificaranse as ferramentas de avaliación.

Por outro lado, temos dous alumnos que necesitan os contidos do Bloque 3 para os seus estudos posteriores, polo que se lles vai a esixir e dar mais contido que aos demais, coma se tiveran un diagnóstico de Altas capacidades, pero sempre sen perder de vista que alcancen con facilidade as competencias previstas.

Por último, temos o resto do grupo, que teñen un nivel de interese medio na materia, e que se lles esixirá un nivel medio de competencia nos diferentes Bloques temáticos.

## **10- ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

No Decreto 86/2015 do 25 de xuño, establécense que desde todas as materias débese traballar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional.

Tamén se recolle que se debe fomentar que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Todos estes aspectos están intimamente relacionados coas competencias claves, e polo tanto, o seu desenvolvemento na aula quedou suficientemente especificado no punto referido as competencias.

Ademais do anterior, hay unha mención especial no decreto a unha serie de aspectos, coma a educación e seguridade viaria e prevención dos accidentes de tráfico, a igualdade entre os homes e as mulleres, a prevención da violencia de xénero, a resolución pacífica de conflitos, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto ou a xusticia. Moitos destes aspectos se traballarán na aula buscando un clima de convivencia e respecto que fomente estes valores. Outros, coma a seguridade vial, teñen moi difícil encaixe nas nosas materias.

Sen embargo, este departamento prestará especial atención aos temas relacionados coa igualdade e a prevención da violencia de xénero, deseñando actividades específicas nas que se traballen estes temas.

## **11- PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES**

Dentro da aula de Plástica trabállasen os valores todos os días, dentro da actitude que o profesor lles esixe aos alumnos, actitude de respecto cara os demais, de valoración das diferencias, de comprensión do que é propio de cada un e do que é común a todos, dos dereitos e obrigacións coma alumnos e coma cidadáns. Especificamente faise fincapé na colaboración, na integración, no traballo en equipo, no respecto as normas de convivencia, no coidado do material da aula, no reciclaxe, no aforro de enerxía, etc.

Este curso pretarase especial atención á Educación na Igualdade, con diferentes actividades que valoren o esforzo e a presenza da muller en todos os ámbitos da vida.

## **12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.**

Coma contribución ao proxecto lector a materia de Plástica plantexa varias accións:

- Investigación sobre obras de arte e artistas, realizando biografías e outros documentos escritos.
- Creación dunha banda deseñada e lectura de cómics.
- Creación dun club de lectura de Banda deseñada.
- Colaboración coa Biblioteca na creación de vídeos co grupo de alumnado que participa no Contrato Programa.

## **13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

Por un lado están as actividades que leva a cabo a profesora, xa sexa manexo do cañon proxector, a proxección de material multimedia e audiovisual, etc, nas que as TICS as veces representan unha axuda.

Por outro lado, están as actividades que fan os alumnos.

No caso da materia de Plástica, na que o obxectivo que se busca é que os alumnos aprendan e desenvolven unha serie de destrezas manuais e conceptuais, en principio resulta pouco lóxico, metodolóxicamente, plantexarse a realización de moitos traballos empregando as TICs, pois eso iría en contra do obxectivo mencionado, sobre todo nos cursos de 1º e 3º da ESO.

Sen embargo, este curso o Departamento participa en todas as materias no proxecto E-dixgal, polo que o alumnado dispoñe de portátiles persoais para traballar con eles na clase e na casa. Isto vai axudar á mellora da súa competencia dixital, pois xa non temos dificultades para traballala na aula.

Ademais, a participación no Contrato Programa para a mellora do éxito escolar, na profundización do manexo das ferramentas audiovisuais, contribúe a adquisición das competencias dixitais do alumnado participante.

## **14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.**

O Departamento participa e apoia as actividades plantexadas no plan de convivencia, e pola súa parte fomenta na súa aula as seguintes actitudes:

- A convivencia e respecto entre compañeiros que non son amigos mediante colocación de parellas nas mesas e mediante grupos de traballo de compañeiros que non se relacionan tanto.
- A convivencia entre rapaces e rapazas, mediante a formación de grupos de traballo formados por metade nenos e metade nenas.
- O respecto ao traballo dos compañeiros facendo defensas públicas dos traballos realizados.
- O respecto ao material da aula e dos compañeiros mediante a creación de quendas de alumnos que reparten e recollen o material, e mediante a obriga de deixar cada quen o seu sitio limpo e recollido.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, EXTRAESCOLARES E CONMEMORACIÓNS.

Tendo en conta a situación sanitaria neste curso escolar, O Departamento programa para este curso actividades que se podan realizar no exterior, e que se adaptarán segúndo vaia evolucionando a situación da pandemia.

curso	actividade	trimestre
1º ESO	1- Excursión a Santiago de Compostela , A Coruña , Vigo ou Pontevedra, para visitar unha <b>exposición de arte, ou facer un percorrido artístico.</b>	1ª, 2ª ou 3ª trimestre todo o día
	2-Taller de <b>Papiroflexia</b> a desenvolver na aula ou fora dela.	1º trimestre,
	3- Visualización dunha <b>película</b> ou curtametraxe de animación	3º trimestre, por determinar.
	4- <b>Saídas</b> pola contorna para debuxar a natureza ou para facer unha acción artística nela.	Unha vez ao trimestre se é posible.
	5- Participación no día do Libro cun <b>cómic, relacionado con algunha das conmemoracións oficiais a celebrar.</b>	3º trimestre
	6-Colaboración coa Biblioteca para conmemorar o Día da Violencia de Xénero.	1º trimestre
	7-Clube de lectura de Banda deseñada	Todo o curso
	8-Happening - Realización dunha actividade artística para conmemorar o 25 N	25 noviembre
3º ESO	1- Excursión a Santiago de Compostela , A Coruña , Vigo ou Pontevedra, para visitar unha <b>exposición de arte ou facer un percorrido artístico.</b>	1ª, 2ª ou 3ª trimestre, todo o día
	2-Visualización de unha <b>película ou curtametraxe de animación</b> .	3º trimestre, por determinar.
	3- Taller de <b>Action Painting</b> a desenvolver en varias sesións, ocupando o espacio do hall do edificio de administración ou o patio cuberto	2º trimestre, dos sesiones durante 3 días
	4- <b>Saídas</b> pola contorna para debuxar a natureza	Unha sesión por trimestre
	5- Contrato programa: actividade voluntaria para a realización de <b>videos</b> en colaboración coa Biblioteca	1º / 2º/ 3º trimestre, fora das sesións lectivas
	6- Colaboración coa Biblioteca para conmemorar o día Internacional da Muller, 8 de Marzo. ( <b>cartel</b> muller brazo en alto, collage)	2º trimestre
	7-Clube de lectura de Banda deseñada	Todo o curso
	8-Happening - Realización dunha actividade artística para conmemorar o 25 N.	25 noviembre

<b>4º ESO</b>	1- Excursión a Santiago de Compostela , A Coruña , Vigo ou Pontevedra, para visitar unha <b>exposición de arte ou facer un percorrido artístico.</b>	Por determinar
	2-Visualización de unha <b>película ou curtametraxe</b> de animación.	3º trimestre
	3- Taller de <b>Action Painting</b> a desenvolver en varias sesións, ocupando o espacio do hall do edificio de administración ou o patio cuberto	2º trimestre, dos sesiones durante 3 días
	4- Participación nun concurso de deseño de <b>cartel</b> para conmemorar o día Internacional da Muller, 8 de Marzo.	1º / 2º trimestre, nas sesións lectivas
	5- Colaboración co Dpto. de Lingua Castelá nunha actividade sobre a <b>Tipografía.</b>	2º trimestre
	6-Clube de lectura de Banda deseñada	Todo o curso
	7-Happening - Realización dunha actividade artística para conmemorar o 25 N	25 novembro

## 16. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

### 16.1-MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Por unha parte revisarase o seguinte cuestionario ao final de curso para comprobar o cumprimento dos obxectivos da programación. Este cuestionario foi aprobado pola CCP en reunión celebrada a día 18 de setembro de 2018.

<b>No que respecta aos obxectivos:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Chegamos a un acordo acerca dos obxectivos de cada nivel?	<b>x</b>	
Están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores?	<b>x</b>	
Concretáronse o suficiente para poder orientar a nosa intervención educativa?	<b>x</b>	
Fan referencia ás capacidades coas que a nosa materia relaciónase?.	<b>x</b>	
<b>No referido aos contidos:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Están secuenciados con respecto aos previstos nos niveis inferiores ao que nos atopamos?	<b>x</b>	
Se explicitan os mínimos exixibles? para este nivel?	<b>x</b>	

Relacionáronse de forma natural cos temas de carácter transversal	x	
Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado, para dotar de sentido global e funcionalidade ás aprendizaxes?.		x
<b>No relativo á metodoloxía:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Prevíronse axudas pedagóxicas dentro das explicacións?	x	
Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados nos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?		x
Foron adecuados os espazos previstos?	x	
Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?.		x
<b>No relacionado coa avaliación</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Hanse explicitado correctamente os criterios de avaliación e o grao mínimo en que hai que logralos?	x	
As técnicas e instrumentos de avaliación facilitaron abundante información sobre o que aprendeu cada alumno e alumna?	x	
Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado?	x	
Realizouse un adecuado seguimento do alumnado coa nosa materia pendente en niveis anteriores ao que impartimos e do alumnado que repite curso?.	x	
<b>No que se refire á atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en canto a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos,?)	x	
Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula e en canto a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación)?.	x	
<b>Actividades complementarias e extraescolares.</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Valoráronse positivamente as actividades comp. e extraesc. do curso anterior?	x	

## 16.2- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Se lles pasará aos alumnos unha enquisa a final do curso para avaliar a efectividade das diferentes actividades realizadas.

Na memoria de final de curso incuirase a seguinte enquisa proposta pola CCP:



## **AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO**

<b>INDICADORES</b>	<b>ESCALA</b>			
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

## **AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE**

<b>INDICADORES</b>	<b>Escala</b>			
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				

11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

## 17. CONCLUSIÓN

Esta programación non é un elemento estático, senón que a medida que transcure o curso, xurden ocasións de modificación, moitas veces debido a feitos inesperados, coma unha exposición imprevista organizada por outro organismo e non prevista na programación de actividades extraescolares; Ou unha charla, unha actividade no centro, un concurso, etc. Estas ocasións obrigan á modificar as actividades previstas, pero sempre se intenta manter un mínimo esixible en cada avaliación.

Tamén chegado o caso no que as actividades propostas demostran ser ineficientes, estas cambiaranse, as veces para o vindeiro curso académico, outras veces xa no mesmo momento do curso no que resulta evidente a ineficacia. Isto sucede as veces porque os grupos son moi diferentes, e unha actividade que funciona cun tipo de alumnado, non funciona con outro tipo.

## 18. BIBLIOGRAFÍA.

1.- **Educación plástica y visual.** Editorial SM. *Isabel Rodríguez, Inmaculada Soler, Elisa Basurco*

2- **Proceso de avaliación: procedementos e instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.** - Faustino J. Salgado López e Fortunato J. Quintela Rego.

Fdo.- Susana Rodríguez Alemparte – Xefa departamento Debuxo

Outubro 2021